



**INFORME DE SOSTIBILIDADE  
AMBIENTAL  
PROGRAMA DE DESENVOLVIMENTO RURAL DE  
GALIZA  
2007-2013**

30 de Outubro de 2006



## Índice de Contidos

<b>1. ANTECEDENTES .....</b>	<b>3</b>
<b>2. O PDR DE GALIZA, 2007-2013 .....</b>	<b>4</b>
2.1. <i>Esbozo da estrutura, contido e principais obxectivos do PDR de Galiza.....</i>	4
2.2. <i>Relación do PDR de Galiza con outras programacións e políticas conexas</i>	8
<b>3. SITUACIÓN AMBIENTAL DE GALIZA.....</b>	<b>11</b>
3.1. <i>Aspectos máis relevantes da situación ambiental de Galiza.....</i>	11
3.2. <i>Identificación das zonas que poden verse afectadas de xeito significativo</i>	24
3.3. <i>Os principais problemas ambientais da Comunidade Autónoma.....</i>	26
<b>4. OBXECTIVOS AMBIENTAIS .....</b>	<b>31</b>
4.1. <i>Marco de referencia internacional, comunitario, estatal e nacional.....</i>	31
4.2. <i>A contribución do PDR de Galiza á consecución dos obxectivos ambientais</i>	42
<b>5. PROBÁBEIS EFECTOS SIGNIFICATIVOS SOBRE O MEDIO .....</b>	<b>43</b>
5.1. <i>Identificación e análise dos obxectivos estratéxicos con significación ambiental potencialmente positiva.....</i>	44
5.2. <i>Análise das actuacións potencialmente positivas e dos efectos probábeis sobre o medio .....</i>	47
5.3 <i>Identificación e análise dos obxectivos estratéxicos con significación ambiental potencialmente negativa .....</i>	49
5.3.1 <i>Análise das actuacións potencialmente negativas e dos seus probábeis efectos sobre o medio .....</i>	50
<b>6. PROPOSTA DE MEDIDAS CORRECTORAS .....</b>	<b>52</b>
<b>7. SISTEMA DE SEGUIMENTO .....</b>	<b>54</b>
<b>8. EXAME DE ALTERNATIVAS .....</b>	<b>57</b>
8.1. <i>Metodoloxía e limitacións.....</i>	57
8.2. <i>Análise das alternativas.....</i>	57
<b>9. INFORME DE VIABILIDADE ECONÓMICA .....</b>	<b>62</b>
9.1. <i>Viabilidade económica das alternativas.....</i>	62
9.2. <i>Viabilidade económica das medidas correctoras.....</i>	62
9.3. <i>Viabilidade económica do programa .....</i>	64
<b>10. RESUMO NON TÉCNICO DA INFORMACIÓN FACILITADA .....</b>	<b>65</b>



## 1. ANTECEDENTES

---

O presente Informe de Sostibilidade Ambiental é parte integrante do proceso de **avaliación ambiental estratéxica** ao que é sometido o **Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza para o período 2007-2013**. A súa elaboración responde ás esixencias da Lei 9/2006 do 28 de abril relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas sobre o medio natural. A devandita Lei incorpora ao dereito interno español a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, que establece e regula o proceso de avaliación ambiental estratéxica (AAE).

A finalidade do proceso de avaliación ambiental estratéxica é integrar o medio nas políticas sectoriais, garantindo deste xeito a consecución dun desenvolvemento sostíbel que permita acadar os grandes retos en materia de prevención e redución da contaminación, uso racional de recursos naturais, innovación tecnolóxica e cohesión social. Así mesmo, o proceso fomenta a transparencia e a participación cidadá que permita o acceso a unha información exhaustiva e fidedigna do proceso planificador.

A **Consellería do Medio Rural**, responsábel da elaboración do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) e, polo tanto, órgano promotor do proceso de AAE, emite o 14 de xullo de 2006 un **documento inicial**, cuxo contido se axusta ao especificado no artigo 18 da Lei 9/2006, co que se dá comezo á avaliación.

A partir deste documento a **Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible**, órgano ambiental no proceso de avaliación, remite ao órgano promotor, con data 11 de Outubro do 2006, un **documento de referencia**, tal e como prevé o artigo 19 da Lei 9/2006, que constitúe a base para a redacción, por parte do órgano promotor do presente documento, do Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA).

O documento de referencia establece que a lexislación aplicábel para a elaboración do ISA será a Lei estatal 9/2006. Deste xeito, o contido do presente informe deberá axustarse ao establecido no Anexo I desa Lei.

Así mesmo, o documento de referencia determina unha serie de pautas adicionais para a elaboración dos distintos puntos do ISA, precisando a información que, como mínimo, deberá conter. Do mesmo modo, o órgano ambiental propón unha listaxe de indicadores ambientais orientadores e define as modalidades de información, consulta e identificación do público afectado e interesado.

## 2. O PDR DE GALIZA, 2007-2013

O Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galiza para o período 2007-2013 constitúe unha resposta ás disposicións expresadas no Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello do 20 de setembro de 2005 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), adaptada en función do contexto do medio rural galego.

### 2.1. Esbozo da estrutura, contido e principais obxectivos do PDR de Galiza

As Directrices Comunitarias de Desenvolvemento Rural e o Regulamento 1698/2005 do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural establecen os **tres ámbitos fundamentais** nos que deberá centrarse o PDR de Galiza, que son:

- A economía agroalimentaria: aumento da competitividade da agricultura e da silvicultura mediante a axuda á reestruturación, ao desenvolvemento e á innovación.
- O medio natural: mellora do medio rural e xestión sostíbel das terras agrarias.
- Os núcleos rurais e a súa economía: mellora da calidade de vida nas zonas rurais e diversificación das súas actividades económicas.

Dado o marcado carácter rural de Galiza, o desenvolvemento rural cobra na rexión unha especial transcendencia, xa que constitúe un instrumento de particular utilidade para facer fronte aos desequilibrios internos existentes, orixinados polo marcado crecemento do Eixe Atlántico e o progresivo abandono das zonas rurais do territorio galego. Deste xeito, a viabilidade das zonas rurais galegas, expresada en termos de sostibilidade económica, social e territorial, configúrase como reto ineludíbel para alcanzar o equilibrio rexional.

A loita contra o despoboamento, así como a necesidade de poñerlle freo ao abandono das actividades tradicionais, con importantes valores culturais e naturais asociados, preséntase como o núcleo central da estratexia. Para facer fronte a tales retos é necesaria unha complexa combinación de elementos de competitividade e conservación, que xeren crecemento económico e progreso social sobre a base da posta en valor dos propios recursos endóxenos, preservando a súa estabilidade, integridade e conservación ao máis longo prazo.

Tendo en conta estas premisas, a **formulación estratéxica** do PDR de Galiza, cuxa meta final é conseguir un medio rural sólido e viábel no horizonte de 2013, persegue os seguintes **obxectivos finais**:

- OF1. Reforzar a base produtiva agroalimentaria e forestal.
- OF2. Fomentar un sector agrario multifuncional e sostíbel.
- OF3. Mellorar a calidade de vida e a economía das zonas rurais.
- OF4. Fomentar a gobernanza nas zonas rurais.

Os obxectivos finais poden dividirse nunha serie **de obxectivos intermedios e específicos**, que pretenden conectar as directrices comunitarias e nacionais coas debilidades e fortalezas rexionais, así como coas súas ameazas e oportunidades detectadas no diagnóstico competitivo levado a cabo.



### **OI1. Fomentar o coñecemento e desenvolver o capital humano.**

- OE1. Fomentar o rexuvenecemento dos activos agrarios.
- OE2. Mellorar a información, formación profesional e asesoramento técnico dos traballadores agrarios e forestais.
- OE3. Aumentar o esforzo en I+ D+I agrario, alimentario e forestal.

### **OI2. Reestruturar e desenvolver o potencial físico, fomentando a innovación**

- OE4. Aumentar a dimensión económica das explotacións agrarias.
- OE5. Mellorar a base territorial e as infraestruturas relacionadas coas explotacións agrarias.
- OE6. Fomentar a diversificación produtiva agraria.
- OE7. Fomentar a valorización dos espazos forestais.
- OE8. Aumentar o valor engadido das cadeas agroalimentarias e forestais.
- OE9. Apoiar o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías.
- OE10. Mellorar a produtividade do traballo das explotacións agrarias /agroindustria.
- OE11. Mellorar as canles de comercialización de produtos agrarios.
- OE12. Potenciar o asociacionismo agroalimentario.

### **OI3. Fomentar a calidade da produción agraria**

- OE13. Aumentar a participación en réximes de calidade.
- OE14. Apoiar a adaptación de explotacións e producións aos novos estándares e esixencias de calidade.

### **OI4. Fomentar o uso sostíbel das terras agrarias e forestais**

- OE15. Aumentar o valor das funcións territoriais, sociais e ambientais realizadas pola actividade agraria e forestal.
- OE16. Fomentar a produción ecolóxica.
- OE17. Conservar e valorizar as zonas de alto valor natural e as zonas agrarias desfavorecidas.
- OE18. Apoiar o restabelecemento do potencial silvícola das superficies afectadas por incendios.

### **OI5. Conservar e valorizar o patrimonio natural**

- OE19. Mellorar as condicións de protección, conservación e xestión do ámbito natural.
- OE20. Mellorar a ordenación e a capacidade de defensa dos espazos forestais, especialmente fronte aos lumes.
- OE21. Conservar e mellorar a biodiversidade e outros sistemas ambientais asociados aos ecosistemas agrarios.

### **OF3. Mellorar a calidade de vida e a economía das zonas rurais.**

- OE22. Mellorar o acceso a servizos básicos nas zonas rurais.
- OE23. Mellorar o acceso ás novas tecnoloxías (TIC) no medio rural.
- OE24. Conservar e mellorar o patrimonio rural.
- OE25. Favorecer a creación de actividades produtivas non agrarias nas zonas rurais.



#### **OF4. Fomentar a gobernanza nas zonas rurais.**

- OE26. Mellorar a representatividade, transparencia e eficacia dos GAL.
- OE27. Mellorar a capacidade de dinamización do desenvolvemento local.
- OE28. Aplicar o enfoque territorial nas estratexias de desenvolvemento local.

A estrutura e contido do PDR de Galiza queda determinada no artigo 15 do Regulamento nº 1698/2005 do Feader, no que se establece que o futuro programa deberá conter os seguintes puntos:

- Unha análise da situación rexional de Galiza canto ás súas debilidades e fortalezas e a estratexia escollida para facerlles fronte.
- Unha xustificación das prioridades elixidas e das repercusións previstas.
- Unha descrición dos eixes e as medidas propostas para cada un dos eixes do programa.
- Un plan de financiamento que especifique a porcentaxe de contribución do Feader para cada eixe.
- Información acerca da complementariedade do PDR de Galiza con outros instrumentos da Política Agraria Común, da Política de Cohesión ou co instrumento de axuda comunitaria para a pesca.

A formulación operativa do PDR de Galiza está baseada nos catro eixes e nos seus respectivos subeixes, establecidos polo Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Feader.

#### **Eixes da programación**

**Eixe nº 1: reforzar a base produtiva Agroalimentaria e Forestal.**

- Subeixe 1.1. - Mellora do coñecemento e desenvolvemento do potencial humano.
- Subeixe 1.2. - Reestruturación, desenvolvemento do potencial físico e innovación.
- Subeixe 1.3. - Mellora da calidade dos produtos

**Eixe nº 2: mellora do medio e do ámbito rural.**

- Subeixe 2.1. - Uso sostíbel das terras agrícolas
- Subeixe 2.2. - Uso sostíbel do solo forestal.

**Eixe nº 3: mellora da calidade de vida e da economía nas zonas rurais.**

- Subeixe 3.1. - Diversificación da economía rural.
- Subeixe 3.2. - Mellora da calidade de vida nas zonas rurais.
- Subeixe 3.3. - Axentes locais.
- Subeixe 3.4. - Estratexias de desenvolvemento local.

**Eixe nº 4: metodoloxía Leader.**



Cada un dos eixes desenvolverase a través dun conxunto de medidas seleccionadas entre as que contempla expresamente o Regulamento (CE) 1698/2005.

Así mesmo, estas medidas deben ser coherentes co establecido no Plan Estratégico Nacional<sup>1</sup>, dáselle especial importancia ás relativas á xestión de recursos hídricos (infraestruturas agrarias), industrialización e comercialización agraria (aumento do valor engadido das producións), posta en marcha dos servizos de asesoramento ás explotacións agrarias (emprego e implantación de servizos de asesoramento) e prevención de incendios forestais (recuperación do potencial forestal e implantación de medidas preventivas).

O PDR de Galiza tamén é especialmente sensíbel ao obxectivo da mellora da gobernanza local, prestando unha especial atención ao desenvolvemento e aplicación da metodoloxía Leader nunha dobre vertente: dotación das medidas do eixe 4 e asignación de responsabilidades específicas aos grupos de acción local na xestión dos recursos asignados a determinadas medidas do resto dos eixes, tales como a artesanía alimentaria, o fomento do turismo, as microempresas e outras.

Outras pautas establecidas que deberán respectarse no PDR de Galiza son as referentes ás dotacións financeiras:

- A dotación financeira do eixe 2, como mínimo, debe alcanzar o 25% do importe total programado.
- O eixe 4 debe contar, como mínimo, cun 5% da dotación financeira total programada e, de acordo co Plan Estratégico Nacional, polo menos o 10% dos fondos totais deben ser xestionados a través da metodoloxía Leader.

---

<sup>1</sup> Cando se redacta o presente documento aínda é un borrador (versión 28-07-2006) e **identifica o sector agrario como principal elemento sobre o que debe incidir o desenvolvemento rural en España**. Entre os obxectivos de carácter máis xeral fai referencia á loita contra o despoboamento, á vertebración do territorio, á diversificación da economía rural e á mellora da calidade de vida. A protección e conservación do medio natural ocupa un lugar destacado, en coherencia coas directrices comunitarias, e tamén se explicita a necesidade de atender ao principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Para cada un dos 4 eixes establecidos polo Regulamento 1698/2005 identifícanse uns obxectivos específicos. Estabelécense as chamadas "medidas horizontais" que, xunto cos elementos comúns do resto da programación, se incluírán no marco nacional conforme ao establecido no artigo 15.3 do R. 1698/2005 e que deberá ser aprobado por decisión comunitaria.

## 2.2. Relación do PDR de Galiza con outras programacións e políticas conexas

### a) A Política de Desenvolvemento Rural como piar da Política Agraria Común

O Regulamento (CE) 1698/2005 do Feader consolida o novo escenario configurado a partir da Axenda 2000, no que a **Política de Desenvolvemento Rural** deixa de ser un instrumento exclusivo da Política de Cohesión para pasar a **acompañar e completar as políticas de axuda ao mercado e ás rendas aplicadas no marco da Política Agraria Común (PAC)**. Deste xeito, a PAC pasa a apoiarse sobre dous piares:

- ✓ O primeiro, relativo á política de prezos e mercados.
- ✓ O segundo, relativo á política de desenvolvemento rural.

Resulta entón evidente a estreita vinculación existente entre ambos os piares, como partes integrantes dunha mesma política. É preciso considerar que a devandita vinculación se viu **especialmente reforzada no ámbito do medio natural** a partir da reforma de 2003<sup>2</sup>.

No marco da política de mercados, a reforma de 2003 fai que o **principio de ecocondicionalidade**, introducido na Axenda 2000, adquira carácter obrigatorio. Este principio determina o cumprimento de determinados requisitos de protección ambiental como condición previa para beneficiarse das axudas outorgadas no marco do primeiro piar da PAC.

Deste xeito, os agricultores poden optar a pagamentos directos, con tal de que cumpran cos requisitos da denominada condicionalidade, isto é, que manteñan as súas terras en boas condicións agrarias e ambientais e respecten as normas en materia de saúde pública, zoonosidade e fitosanidade, medio natural e benestar dos animais. Pola contra, se o agricultor non se axusta a estas normas, os pagamentos directos poderán reducirse e, en caso de incumprimento deliberado, o réxime de axuda poderá ser excluído totalmente.

No ámbito do desenvolvemento rural tamén se aplica o principio de condicionalidade na maioría das medidas do eixe ambiental e a observancia de **normas mínimas ambientais** é condición necesaria para poder acollerse a diversas axudas, tales como as correspondentes aos investimentos para a creación de explotacións agrarias, o establecemento de novos agricultores ou a mellora da transformación e comercialización de produtos agrícolas.

Así, a consecución dun desenvolvemento sostíbel, non só desde un punto de vista socioeconómico, senón tamén ambiental, pasa a ser un importante punto de vinculación entre os dous piares da PAC.

### b) A Política de Desenvolvemento Rural e a Política de Cohesión

A Política de Desenvolvemento Rural debe ter en conta os obxectivos xerais en materia de política de cohesión económica e social establecidos no Tratado, de forma que contribúa á súa consecución.

As Directrices Comunitarias de Desenvolvemento Rural (Decisión do Consello 2006/144/CE) establecen de forma expresa (Directriz nº6) a **necesidade de asegurar a complementariedade entre os instrumentos comunitarios**. Esta última, tal e como

<sup>2</sup> Regulamento (CE) Nº1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen as disposicións comúns aplicábeis aos réximes de axuda directa no marco da política agraria común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores, e polo que se modifican os Regulamentos (CEE) 2019/93Nº, (CE) Nº 1452/2001, (CE) Nº 1453/2001, (CE) Nº 1454/2001, (CE) Nº 1868/94, (CE) Nº 1251/1999, (CE) Nº 1254/1999, (CE) Nº 1673/2000, (CEE) Nº 2358/71 e (CE) Nº 2529/2001.

Regulamento (CE) Nº796/2004 da Comisión polo que se establecen as disposicións para a aplicación da ecocondicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) Nº [Diario Oficial L1411782/2003 de 30.4.2004]. Modificado polo Regulamento (CE) Nº1974/2004 da Comisión





sinala o novo regulamento debe contribuír, a mais, á consecución dos obxectivos de cohesión económica e social establecidos no Tratado.

Polo tanto, o PDR de Galiza deberá asegurar a súa complementariedade cos programas operativos dos fondos estruturais, correspondentes ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e ao Fondo Social Europeo (FSE). Así mesmo, estes dous últimos contan coa esixencia regulamentaria expresa de contribución ao desenvolvemento rural.

- O **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, o FEDER**, comprende unha serie de posíbeis actuacións que poden contribuír a potenciar de forma significativa os efectos da programación con cargo ao Feader. Entre elas cómpre destacar:
  - A mellora da transformación e comercialización dos produtos agrícolas e forestais.
  - A diversificación da economía rural mediante o apoio e fomento das actividades económicas nos sectores da industria e dos servizos.
  - A mellora do medio natural mediante actuacións específicas dirixidas á protección e rexeneración do medio, ou á promoción e diversificación da biodiversidade (Rede Natura 2000).
  - A mellora das condicións da vida rural mediante actuacións de mellora das infraestruturas e dos servizos básicos dos núcleos de poboación.
- No que se refire ao **Fondo Social Europeo, o FSE**, non cabe dúbida da súa elevada potencialidade con respecto ao reforzo das medidas do Feader dirixidas á mellora dos recursos humanos, así como ao cumprimento da prioridade horizontal de igualdade de oportunidades entre os homes e as mulleres.

Tamén hai que salientar que os tres instrumentos citados (Feader, FEDER e FSE) se articulan entre si mediante as **Estratexias de Lisboa<sup>3</sup> e Gotemburgo<sup>4</sup>**, correspondentes aos obxectivos de crecemento e emprego e desenvolvemento sostíbel respectivamente.

### c) **A Política de Desenvolvemento Rural e a Política Pesqueira**

O PDR de Galiza deberá asegurar a súa complementariedade co programa operativo correspondente ao Fondo Europeo para a Pesca (FEP). Deste xeito, segundo establece o artigo 5 do Regulamento (CE) 1698/2005, a axuda do Feader deberá ser coherente cos obxectivos do instrumento de axuda comunitaria para a pesca.

- O **Fondo Europeo para a Pesca** comprende unha serie de posíbeis actuacións que poden contribuír a potenciar, de forma significativa, os efectos da programación con cargo ao Feader; como por exemplo:
  - As medidas dirixidas á preservación e conservación do medio mariño e costeiro; con incidencia na mellora dos aspectos ambientais que rodean o sector pesqueiro.
  - As medidas dirixidas á diversificación económica das zonas costeiras; que potencian a diversificación económica das zonas rurais promovida polo Feader.

<sup>3</sup> Aprobada polo Consello Europeo de Lisboa do 23-24 de marzo e relanzada en 2005 baseándose no informe Kok de novembro de 2004.

<sup>4</sup> Aprobada polo Consello do 15 e 16 de xuño de 2001 celebrado en Gotemburgo baseándose na comunicación da Comisión "Desenvolvemento sostible en Europa para un mundo mellor: estratexia da UE para un desenvolvemento sostible". COM (2001) 264 final. Esta Estratexia foi revisada durante 2005 mediante as comunicacións da Comisión COM (2005) 12 final, COM(2005) 37 e COM(2005) 658.



#### **d) A conexión do PDR coas distintas estratexias do ámbito rexional**

Debido á natureza da formulación estratéxica do PDR de Galiza, e no ámbito específico do medio natural, o programa vincúlase con diversas estratexias desenvolvidas a nivel rexional, entre as que cómpre destacar:

- A Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible.
- A Estratexia Galega de Xestión Forestal Sostible.
- A Estratexia Galega de Educación Ambiental.
- A Estratexia Galega para a Conservación e Uso Sostible da Biodiversidade.



### 3. SITUACIÓN AMBIENTAL DE GALIZA

#### 3.1. Aspectos máis relevantes da situación ambiental de Galiza

##### a) Principais características do medio físico galego


O territorio galego constitúe a rexión máis occidental do continente europeo. Tanto a súa situación xeográfica como as súas particulares características xeolóxicas e climatolóxicas, o seu variado relevo e a súa litoloxía, definen, entre outros factores, a importante diversidade biolóxica e paisaxística presentes.

Galiza pode dividirse en cinco unidades de relevo diferenciadas, que conforman un conxunto extraordinariamente diverso:

- O **litoral**: cunha extensión de 1.195 Km, está bañada no norte polo Mar Cantábrico e no oeste polo Océano Atlántico. O elemento máis característico son as rías, uns ricos vales fluviais inundados polo mar: as extensas Rías Baixas (Vigo, Pontevedra, Arousa e Muros-Noia) e as Rías Altas (Ferrol, Ares, Betanzos, A Coruña, Ribadeo, Viveiro, O Barqueiro, Ortegá, Cedeira, A Coruña- Laxe, Camariñas e Corcubión), máis pequenas e redondeadas.
- As **serras setentrionais e centro occidentais**: trátase de cadeas montañosas de pouca elevación, arredor de 1000 metros, que marcan con claridade o tránsito cara á zona interior.
- As **serras orientais e surorientais**: son os espazos montañosos de maior altitude (Os Ancares, O Courel, Manzaneda ou Queixa) e o cumio máis alto alcánzase en Pena Trevinca, a 2.100 m.
- O **prelitoral**: espazo comprendido entre o litoral e as serras setentrionais e centro-occidentais.
- A **Galiza interior**: amplo territorio delimitado entre os dous grupos de serras e que se caracteriza pola existencia de dúas unidades morfolóxicas básicas: as depresións tectónicas e os vales fluviais.

En conxunto, máis da metade do territorio galego supera os 400 m de altitude e a orografía está dominada por suaves relevos de tipo granítico, onde serras e penechairs alternan con depresións e vales. Entre as áreas afundidas destacan as depresións de Monforte, Sarria e A Limia.

Mapa 1. Mapa Físico de Galiza



Fonte: Xunta de Galicia, 2004

Desde un punto de vista **hidrográfico**, Galiza está percorrida por numerosos ríos. Entre eles diferenciamos os da vertente cantábrica, curtos e regulares, e os da vertente atlántica, máis longos e con pendentes máis suaves. En conxunto, distínguense 2000 km de tramos fluviais. O principal curso fluvial é o Miño, con 340 km de percorrido

- As **características climatolóxicas** son propias dun clima de transición entre o **oceánico** e o **mediterráneo**, cunha moderada oscilación térmica e abundantes chuvias invernaís como condicións predominantes. Porén, existen tamén importantes diferenzas rexionais e, así, na zona interior o clima ten trazos máis continentais. A situación xeográfica de Galiza, fronte ao océano, a súa posición latitudinal, as súas profundas rías, as diferenzas de altitude rexistradas e o seu complexo relevo son as causas da heteroxeneidade existente.
- Por outra banda, é preciso ter en conta as **características edafolóxicas**, dado que os solos constitúen un factor determinante das paisaxes e da diversidade biolóxica. Os solos galegos, de forma xeral, son ácidos, ricos en materia orgánica e pouco evolucionados.
- Por último, cabe constatar que o medio físico galego se divide en dúas **rexións bioxeográficas**: a **mediterránea** e a **eurosiberiana**. Na primeira enmárcanse as provincias bioxeográficas *Cántabro-atlántica* e *Oro-cantábrica*; na segunda atopamos a provincia bioxeográfica *Carpetano-Ibérico-leonesa*.

En conclusión, o medio físico galego está marcado pola influencia do mar e pola existencia dunha importante diversidade xeográfica, que determina a variedade de paisaxes e a súa riqueza natural. Ao mesmo tempo, cómpre destacar que o 81% da SAU sofre algún tipo de dificultade para a realización das actividades agrarias, sendo considerada zona desfavorecida.

## b) Os ecosistemas dominantes do medio rural galego


A heteroxeneidade orográfica, edafolóxica e climatolóxica de Galiza descrita previamente determina a existencia dun patrimonio de gran riqueza natural e paisaxística, composto por unha abundante diversidade biolóxica.

### ➤ Ecosistemas agrarios

Os sistemas agrarios (destinados á agricultura ou gandería) ocupan un 15% do territorio rexional, o que implica unha importante fonte de variedade paisaxística e biodiversidade. A maior parte están ocupados por un mosaico de cultivos, a maioría destinados á gandería, principal actividade agraria. Deste xeito, o 61% das terras de cultivo destínanse á produción de cultivos forraxeiros, destacando tamén as superficies de viñedo, hortalizas e tubérculos.

No que respecta á evolución destes ecosistemas agrarios, cabe resaltar dous fenómenos: por unha banda, o progresivo abandono de terras debido ao cesamento da actividade, pola outra, os procesos de intensificación da actividade experimentados.

**Mapa 2. Ocupación do solo en Galiza (CLC, ano 2000)**



O abandono das actividades agrarias tradicionais incrementa de forma significativa o risco de incendios. Se tamén se abandona o territorio, os riscos incrementanse aínda máis. O mantemento, defensa e protección de extensas áreas despoboadas e sen actividade agraria resulta económica e socialmente insostíbel.

	superficies artificiais
	cultivos en secaño
	cultivos en regadío
	superficie arborizada
	espazos de vexetación arbustiva/herbácea
	espazos abertos con pouca ou sen vexetación
	zonas húmidas
	superficies de auga

Fonte: Observatorio de la Sostenibilidad en España (OSE)

Este fenómeno, alén das súas repercusións sociais e económicas, trae consigo unha perda de biodiversidade e de valores históricos, culturais e patrimoniais.

Por outro lado, a **intensificación das explotacións agrícolas e gandeiras** pode traer consigo outro tipo de problemas ambientais, ligados á regresión dos sistemas agrarios tradicionais, á perda de biodiversidade (debido esencialmente á especialización gandeira en determinadas razas e perda de razas autóctonas) e a unha maior contaminación de solos e da auga.

### ➤ **Ecosistemas forestais**

Os ecosistemas forestais teñen unha especial relevancia, xa que, segundo os datos da Consellería do Medio Rural, representan o 68,96% da superficie. Desta porcentaxe, o 68,91% corresponde a monte arborizado.

Mesmo sendo a vexetación típica destes ecosistemas os carballos, os castaños, os piñeiros, os bidueiros e os ameneiros, co paso do tempo, e debido á intervención do home, levouse a cabo unha importante modificación da paisaxe, cubríndoa de extensas áreas de repoboación forestal, con piñeiros e eucaliptos. Isto xerou a predominancia dun ecosistema forestal moi humanizado, caracterizado pola rápida expansión de especies de crecemento rápido.

Por outro lado, cómpre destacar a ampla superficie de matogueira boscosa de transición, que se asocia tanto aos procesos de degradación forestal como aos de rexeneración.

Canto á evolución destes ecosistemas, destaca a **terribel incidencia dos incendios forestais**, que na última década sufriu o 53% dos incendios rexistrados en España (o 25% da superficie queimada total localízase en Galiza). O ano 2006 ten sido particularmente trágico sentido, así os os datos provisionais cifran no que vai de ano en 93.187,35 has a superficie queimada, o que eleva esta problemática á cualificación de **catástrofe ambiental e socioeconómica**.

### ➤ **Os ecosistemas acuáticos**

Galiza posúe unha gran riqueza e diversidade de ecosistemas acuáticos, cuxa importancia non vén determinada unicamente polos seus valores ecolóxicos e de reserva da biodiversidade, senón tamén polos beneficios que lle proporcionan á vida cotiá dos cidadáns. Posúen unha gran variedade de hábitats de transición entre os ambientes terrestre e acuático, e cumpren, xa que logo, un importante papel na conservación da biodiversidade e no desenvolvemento económico.


## c) **Xestión e conservación da biodiversidade e do medio natural galego**

### ➤ **A protección de espazos e especies: Rede Natura 2000**

Debido á presenza de determinados parámetros naturais, endémicos, rarezas ou estados de conservación, o territorio galego conta con distintos hábitats de especial valor e interese. Neste sentido, un dos obxectivos do PDR de Galiza é a súa preservación e conservación.


Galiza conta con 59 lugares de interese comunitario (LIC) e 14 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) que en conxunto integran a Rede Natura 2000 da CCAA, abranguendo o 11,6% da superficie total. Polo seu carácter exclusivo, rareza e fragilidade destacan os hábitats turbosos.

**Gráfico 1. Repartición da superficie forestal**




Fonte: III Inventario Forestal Nacional

Mapa 3. Rede Natura 2000 en Galiza



Fonte: Consellería de Medio Ambiente

Mapa 4. As zonas ZEPA



Fonte: Consellería de Medio Ambiente

Das 14 zonas de especial protección para aves, 4 (Ribadeo, Ría de Ortigueira e Ladrado, Complexo Litoral de Corrubedo e o Complexo Intermareal Umia-O Grove) son á súa vez terreos húmidos protexidos dentro da figura de sitio Ramsar (destinado aos ecosistemas acuáticos de grande interese).

Unha delas, a zona de Ribadeo, compártese co Principado de Asturias.

#### ➤ A Rede Galega de Espazos protexidos

Ademais dos espazos integrados na Rede Natura 2000, Galiza conta, a partir da Lei 9/2001 do 21 de agosto sobre a conservación da natureza, cunha Rede Galega de Espazos Protexidos. Esta rede está composta polos espazos protexidos baixo as figuras de: reserva natural, parque nacional, parque natural, monumento natural, terreo húmido protexido, paisaxe protexida e zona de especial protección de valores naturais.

Táboa 1. Espazos protexidos en Galiza

Tipo de áreas	Nº	Sup. (ha)	% Sup. CC.AA.
Parques nacionais	1	8.495,77	0,29%
Parques naturais	6	40.661,92	1,37%
Monumentos naturais	5	304,44	0,01%
Terreos húmidos protexidos	5	7.749,04	0,26%
Sitio natural	3	614,00	0,02%
Espazo natural en réxime de protección xeral	5	7.703,00	0,26%

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente e IGE, 2006

Entre os espazos protexidos destacan:

- O parque natural das illas Cíes e os parques nacionais das Fragas do Eume, o complexo de dunas de Corrubedo e as lagoas de Carregal e Vixán, entre outros.
- Os sitios naturais de interese nacional de Cabo Vilano, o cumio da Curotiña e Estaca de Bares.



Así mesmo, hai que sinalar que algúns destes espazos contan con instrumentos de planificación e xestión ambiental:

- PORN do espazo natural protexido Parga-Ladra-Támoga.
- PORN do espazo natural protexido Os Ancares-O Courel.
- PORN da Serra de Enciña da Lastra.
- PORN do monte Aloia.
- PORN da illa de Cortegada.

En conxunto, Galiza conta con 398.242,14 ha de espazos protexidos, sumando superficie mariña e terrestre.

**Táboa 2. Datos totais relativos aos espazos protexidos en Galiza**

En conxunto Galiza conta con 398.242,14 ha de espazos protexidos, sumando superficie mariña e terrestre.	Número total de espazos con distintas figuras legais	88
	Suma superficie terrestre por figuras legais	348.040,94
	Superficie terrestre protexida solapada	0,00
	Superficie terrestre real protexida	348.040,94
	Superficie mariña protexida	50.201,20
	Superficie total terrestre e mariña protexida	398.242,14
	Fonte: <i>Anuario 2005</i> . Europarc-España	

### ➤ Galiza: un espazo cunha importante biodiversidade

A posición xeográfica do territorio galego maniféstase mediante a existencia de dous ambientes botánicos claramente diferenciados: a rexión eurosiberiana e a rexión mediterránea, que acollen un elevado número de especies de plantas vasculares (aproximadamente o 25% do total peninsular, e que superan o 7% de endemicidade), así como poboacións significativas de especies de flora e fauna, algunhas delas endémicas.

#### Estratexia galega para a conservación e o uso sostíbel da biodiversidade.

A presente estratexia supón o marco para a xestión da biodiversidade na rexión, asegurando a participación de todos os sectores sociais implicados na conservación da natureza e no aproveitamento dos seus recursos. Un dos seus obxectivos básicos é a realización, integración e asimilación das súas recomendacións nas distintas políticas que se practican en Galiza. Deste modo, a súa aplicación suporá a adopción dunha serie de medidas para diminuír a taxa de perda da diversidade biolóxica:

- ✓ A planificación e xestión da rede de espazos naturais protexidos.
- ✓ Plans de conservación e reestruturación de hábitats.
- ✓ A elaboración do catálogo de especies ameazadas.
- ✓ Plans de recuperación de especies vulnerábeis ou en perigo de extinción.
- ✓ Un plan de xestión e conservación dos ecosistemas fluviais e o dos terreos húmidos de importancia internacional.
- ✓ Un programa de integración da información, definición de indicadores ambientais e investigación aplicada.
- ✓ Un programa de sensibilización social, comunicación e participación.

### **As especies ameazadas**

Galiza conta cun total de 422 especies cuxa conservación está ameazada. Isto débese a factores de distinta índole, á progresión dos usos antrópicos ou aos efectos da fragmentación de hábitats.

**Táboa 3. Especies ameazadas en Galiza.**

Caracterización	Total especies
Perigo de extinción	53
Sensíbeis á alteración do hábitat	2
Vulnerábeis	103
Interese especial	264
<b>Total especies ameazadas</b>	<b>422</b>

Fonte: Proxecto de decreto do Catálogo Galego de Especies Ameazadas. 2005.

## d) Recursos hídricos

Galiza conta con importantes recursos hídricos, tanto superficiais como subterráneos, cuxa óptima xestión e estado de conservación ten especial relevancia para o desenvolvemento das actividades produtivas.

### ➤ Augas subterráneas

Dada a elevada dispersión da poboación galega (existen 30.000 entidades de poboación, das cales o 89% ten menos de 100 habitantes), a auga subterránea cobra especial importancia, dado que a súa captación permite o abastecemento aos pequenos núcleos de poboación, aldeas ou vivendas unifamiliares.

Deste xeito, nas zonas rurais, a captación de augas subterráneas é unha importante fonte de subministración de auga potábel, así como tamén o é para o rego de cultivos e para cubrir as necesidades do gando bovino.

- A principal causa da contaminación das augas subterráneas nas zonas rurais galegas son as actividades gandeiras, en concreto as verteduras de zurros e os residuos procedentes destas actividades. Os compostos nitroxenados constitúen un bo indicador deste tipo de contaminación.

### ➤ Augas superficiais

Como se mencionou ao longo da descrición do medio físico galego, a rexión está percorrida por múltiples ríos, que en total chegan aos 2.000 quilómetros de tramos fluviais.


- A principal fonte de contaminación das augas superficiais, derivada da actividade produtiva das zonas rurais, é novamente a intensificación gandeira. Por un lado, prodúcese unha contaminación por medio de compostos nitroxenados e, polo outro, orixínase un risco sanitario derivado do maior contido de bacterias, parasitos e virus destas substancias.

Así, nas zonas rurais galegas a agricultura e, especialmente a gandaría, teñen unha importante influencia sobre o estado de conservación das augas, tanto subterráneas como superficiais.


Neste sentido, o cambio nas prácticas de produción agraria, como consecuencia do proceso de modernización e desenvolvemento das explotacións agrícolas en Galiza, ocasionou algúns inconvenientes como a xeración de residuos asociados á especialización e á intensificación produtiva.

Ante este problema, a Xunta de Galicia elaborou e aprobou no ano 2000 o [Plan de Xestión de Residuos Agrarios de Galicia](#), co obxectivo principal de acadar unha xestión integral dos residuos xerados nos ámbitos agrícola e gandeiro.


Mapa 5. *Balace de nitróxeno en Galiza*



O balace de nitróxeno en Galiza mostra os municipios que contan cun exceso de nitróxeno:



O resto de municipios atópase nunha situación óptima:



Fonte: Plan de Xestión de Residuos Agrarios de Galicia 2001.

É preciso salientar que actualmente non existe en Galiza ningún territorio declarado como zona vulnerábel por contaminación con nitratos, en aplicación da Directiva 91/676/CEE (Resolución do 12 de abril de 2000 sobre declaración de zonas vulnerábeis na Comunidade Autónoma de Galicia).

#### A xestión dos recursos hídricos

A xestión e conservación dos recursos hídricos é un aspecto de gran relevancia na rexión. A Administración hidráulica galega, encargada de organizar e xestionar o uso das augas públicas e do dominio público hidráulico, está integrada por Augas de Galicia (organismo autónomo) e a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

Estes organismos realizan unha función de vixilancia do dominio público hidráulico, tramitan e outorgan concesións de auga, autorizan as obras nas zonas de canles públicas, tramitan expedientes de sancións en caso de infracción contra o dominio público hidráulico, vixían a calidade das augas subterráneas e superficiais, etc.

#### e) Recursos enerxéticos: as enerxías renovábeis

O sector enerxético ten unha importante influencia sobre o medio. Diversas problemáticas ambientais como o cambio climático, a acidificación de augas e solos ou a contaminación atmosférica están asociadas ao excesivo consumo de combustíbeis fósiles. Os importantes impactos ambientais ligados ao sector enerxético esixen a posta en marcha de políticas enerxéticas tendentes á consecución de dous obxectivos básicos: a seguridade na subministración e a diminución do impacto ambiental do ciclo enerxético, sendo este último un aspecto fundamental para alcanzar os obxectivos do Protocolo de Kyoto

Durante o ano 2002 evitáronse, grazas á utilización de fontes renovábeis, as emisións de CO<sub>2</sub><sup>5</sup> que se recollen na táboa que se mostra a seguir:

Táboa 4. Emisións evitadas no 2002

Tipo de central	Redución emisión de CO <sub>2</sub> (Toleradas/ano)
Eólica	2.046.118
Grande hidráulica	3.402.880
Minihidráulica	348.972
Solar	0,11
<b>Total evitado</b>	<b>5.799.050</b>

Fonte: INEGA

O desenvolvemento e consumo de enerxías renovábeis exerce un importante papel, xa que grazas a eles os impactos negativos diminúen. Á súa vez, cómpre destacar que o devandito desenvolvemento trae consigo importantes repercusións socioeconómicas no ámbito rural no que respecta á xeración de rendas e emprego.

Canto á situación das enerxías renovábeis na comunidade autónoma, os datos de potencia instalada con fontes renovábeis móstranse no seguinte cadro:

Xeración	Potencia instalada 2003 (MW)	Potencia instalada 2004 (MW)
Grande hidráulica (P>10 W)	2.945	2.997,00
Minihidráulica (P 10 MW)	206	240,00
Eólica	1.579	1.824,00
Biomasa	45	50,10
Solar fotovoltaica	0,37	-

Fonte: INEGA

**Galiza supera os obxectivos marcados tanto pola Unión Europea como polo Plan de Fomento das Enerxías Renovábeis en España (1999). Seguindo as actuais tendencias espérase que no ano 2010 as fontes renovábeis satisfagan o 89% do consumo eléctrico en Galiza, de xeito que se superen amplamente os obxectivos da Unión Europea (22,1%) e tamén os previstos para España (29,40%)**

**Táboa 5. Cumprimento dos obxectivos da Unión Europea en materia de enerxías renovábeis**

Contribución das enerxías renovábeis	Situación Galiza 2004	Previsión Galiza 2010	Obxectivo UE 2010	Obxectivo UE-España 2010
Respecto do consumo de enerxía eléctrica (sen considerar a grande hidráulica como E.R.)	26,3%	60,00%	12,50%	17,70%
Respecto do consumo de enerxía eléctrica (considerando a grande hidráulica como E.R.)	55,2%	90,00%	22,10%	29,40%

Fonte: Galicia 2004. Xunta de Galicia.

<sup>5</sup> Tendo en conta a estrutura de xeración eléctrica española, consideráronse unhas emisións de 695g de CO<sub>2</sub> por cada kWh xerado. Segundo o Anexo IV da Directiva 2003/87/EC do Parlamento Europeo e do Consello do 13 de outubro de 2003, o factor de emisión para a biomasa será cero.



- No que respecta á enerxía eólica, Galiza é a comunidade autónoma con maior potencia instalada (25,5% do total español en 2003). O Plan Eólico de Galicia calcula unha potencia total instalada para o ano 2010 de 4.000 MW. A enerxía eólica é a que representa un maior índice de crecemento de todas as enerxías renovábeis aproveitadas en Galiza, de aí que a súa contribución ao consumo eléctrico bruto aumentase significativamente (do 19% de demanda no ano 2003 ao 22% en 2004). O Plan Eólico de Galicia estima unha potencia total instalada para o ano 2010 de 4.000 MW, un dato para o que cómpre comentar o incremento deste valor, que pasou de 1.579 MW (71 instalacións) no ano 2003, a 1.824 MW (80 instalacións) a finais de 2004.
- Canto á produción de biocombustíbel, existe unha planta de produción de etanol a partir de cereais (126.000 m<sup>3</sup>/ano). Esta alternativa para diminuír os niveis de CO<sub>2</sub> é un dos obxectivos da UE, que prevé que no ano 2010 o 5,75% dos combustíbeis utilizados no transporte sexan biocarburentes. Actualmente, está a funcionar a planta de Bioetanol Galicia, situada en Teixeiro (Curtis), que conta cunha capacidade de produción de 100 millóns de toneladas ao ano (aproximadamente 65 ktep). A produción de bioetanol representa un 54% do total xerado en España. Galiza prevé alcanzar en 2010 as 100 ktep.
- En produción de biomasa Galiza é a primeira CCAA canto a residuos forestais, cunha dispoñibilidade de 995.000t por ano de biomasa forestal residual. A biomasa utilizada para xerar calor e electricidade en Galiza representa unha enerxía de 452 ktep/ano e na actualidade existen 2 centrais de biomasa (Ence e Allarluz) que suman un total de 39,16 MW de potencia instalada. A potencia instalada en Galiza que aproveita este tipo de biomasa é de 34 MW.
- No referente á produción de biogás, hoxe en día están a funcionar unha planta de tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU) en Nostián (A Coruña), cunha potencia instalada de 6,28 MW, a planta de Biocerceda (Cereda) de 2,27 MW e unha planta de coxeración no vertedoiro de Bens (A Coruña), de 2,5 MW, que aproveita biogás.

Táboa 6. Potencia eléctrica instalada biomasa forestal-biogás.

	2003	2004	Previsión 2010
En funcionamento (MW)	45	50,1	93

Fonte: INEGA

- En Galiza existen 97 centrais de enerxía minihidráulica, cunha potencia instalada de 240 MW.


Táboa 7. Potencia eléctrica instalada. Minihidráulica

	2003	2004	Previsión 2010
Potencia instalada (MW)	206	240	315

Fonte: INEGA


- A finais de 2001, a superficie instalada de paneis solares térmicos era de 2.750 m<sup>2</sup> e a potencia en paneis fotovoltaicos era de 147 kw. Os beneficios do aproveitamento deste recurso enerxético autóctono e inesgotábel compróbanse a través do espectacular avance producido na comunidade galega para os dous tipos de instalacións solares, térmicas e fotovoltaicas. Destaca, durante o ano 2004, a instalación de ao redor de 1.600 m<sup>2</sup> de paneis solares térmicos, que supuxo un incremento de máis do 20% tras alcanzar os 9.013 m<sup>2</sup>. Canto á enerxía solar fotovoltaica, a potencia aumentou de 372 KWp en 2003 a 747 KWp en 2004, o que representa un crecemento superior ao 100%. Nos seguintes gráficos móstrase a evolución mencionada.

Gráfico 2. Evolución da enerxía solar fotovoltaica.



Fonte: INEGA

Gráfico 3. Evolución da enerxía solar térmica.



Fonte: INEGA

A seguinte táboa mostra a situación actual e as previsións para o ano 2010:

	2003	2004	Previsión 2010
Solar térmica (m2)	7.000	9.013	40.000
Solar fotovoltaica (KWp)	365	747	2000-5000

Fonte: INEGA

- **Enerxía do mar:** o aproveitamento da enerxía do mar encóntrase actualmente en proceso de investigación con diversos sistemas que, aínda que non alcanzaron a suficiente madureza tecnolóxica, xa comezaron a dar resultados moi prometedores.

## f) Indicadores de contexto

Informan sobre o estado actual do ámbito rural e permiten detectar as posíbeis tendencias xerais. Os que se inclúen no seguinte cadro son os que recomenda o órgano ambiental no seu documento de referencia:

VARIÁBEL	MEDICIÓN	FONTE	VALOR
Designación zonas rurais	Clasificación OCDE	INE	Significativamente Rural
Importancia das zonas rurais	% superficie zonas rurais	INE, 2005	88,25 %
	% poboación zonas rurais		35,11 %
	% VEB en zonas rurais		23,8 %
	% de emprego en zonas rurais		25,4 %
Uso agrario da terra	% herbáceos	Eurostat, 2003	27,5 %
	% prados e pastos		69,6 %
	% cultivos leñosos		2,7 %
Estrutura forestal	Superficie forestal arborizada	Consellería de Medio Ambiente 2001	1405.451 ha
	Réxime de tenza		98% privado (30% en CMVMC)
	Superficie media propiedade privada de áreas madeireiras	Plan Forestal de Galicia	1,8 ha
Estrutura agraria	Nº de explotacións	Eurostat, 2003	102.110
	SAU		724.620 ha
	Distribución e tamaño medio explotacións		7,1 ha/explot. <5 ha =64,12% 5-50 ha =35,04% >50 ha =0,84%
	Dimensión económica media		7,3 UDE
	Emprego (UTA/nº explotacións)		1,20 UTA
Ocupación do solo	% SAU forestal, natural e artificial	Eurostat, 2000	SAU: 37% Forestal: 27,94% Natural: 32,82% Artificial: 1,57%
Zonas desfavorecidas	% SAU por tipo de zona	Eurostat, 2000	SAU zonas favorecidas =19,17%. SAU en zonas desfavorecidas de montaña: 36,74%. SAU outras zonas desfavorecidas: 43,90%. % SAU en zonas desfavorecidas con dificultades específicas: 0,19%.
Superficie agricultura extensiva	% SAU pastoreo extensivo		0
Zonas Rede Natura 2000	% de territorio, SAU e superficie forestal baixo Rede Natural	Eurostat, 2005	Territorio= 11,57%
		Eurostat, 2004	SAU =28,30%
		Consellería Medio Amb.	Forestal =11,53%
Área forestal protexida	% de bosques noutras zonas boscosas	III Inventario Forestal Nacional	2,56 %
Crecemento superficie forestal	Crecemento medio anual		6.478 ha/ano
Saúde do ecosistema forestal	Coníferas e frondosas que sofren defoliación clase 2-4		15 %
Calidade da auga	% de territorio declarado como zona vulnerábel	Xunta de Galicia, 2000	0
Uso da auga	% de SAU regadíos	Eurostat,2003	7,37 %
Protección de bosques	MOPE 5.1. clase 3.1	III Inventario Forestal Nacional	68.043 ha

### 3.2. Identificación das zonas que poden verse afectadas de xeito significativo

A aplicación do Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza 2007-2013 pode incidir potencialmente, de xeito positivo ou negativo, sobre o estado de conservación do medio natural, e en particular sobre as zonas rurais galegas.

No entanto, dentro do conxunto do medio rural galego é posíbel destacar determinadas zonas que, xa pola súa especial sensibilidade, xa porque recibirán de forma significativa as actuacións do programa, poden verse especialmente afectadas pola súa aplicación. Entre elas destacamos:

- Os espazos que integran a **Rede Galega de Espazos Protexidos**, que en virtude da Lei 9/2001 son, polas súas características e sensibilidade, obxecto dunha especial conservación.

#### a) Parques nacionais e naturais

Trátase de áreas naturais pouco transformadas polas actividades humanas e que, dada a beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, da súa fauna ou das súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos que merecen unha conservación e unha atención preferentes.

Galiza conta cun parque nacional, o **Parque nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas**, situado en Pontevedra e A Coruña, que está composto por catro arquipélagos e que conta cunha extensión terrestre de 1194,80 ha. Foi declarado parque natural en 1980, pasando a ser parque nacional en xullo de 2002.

Así mesmo, Galiza conta con seis **parques naturais**:

	Data declaración	Provincia	Superficie
<a href="#">Monte Aloia</a>	4/12/1978	Pontevedra	746
<a href="#">Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carrexal e Vixán</a>	5/06/1992	A Coruña	996,25
<a href="#">Baixa Limia-Serra do Xurés</a>	11/2/93	Ourense	20.920,00
<a href="#">O Invernadeiro</a>	5/6/97	Ourense	5722,0
<a href="#">Fragas do Eume</a>	30/7/97	A Coruña	9126,00
<a href="#">Serra da Enciña da Lastra</a>	4/4/02	Ourense	3.151,67

Fonte: Consellería de Medio Ambiente

#### b) Monumentos Naturais

Os monumentos naturais son espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza, que merecen ser obxecto dunha protección especial. Considéranse tamén monumentos naturais as formacións xeolóxicas e demais elementos da xea, así como os depósitos paleontolóxicos, que merezan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos

Galiza conta con cinco monumentos naturais, cuxa superficie e data de declaración vén presentada na seguinte táboa.

	Data	Superficie
<a href="#">A Fraga de Catasós, Lalín (Pontevedra)</a>	25/02/2000	4,5
<a href="#">Ou Souto da Retorta, Chavín-Viveiro (Lugo)</a>	25/02/2000	3,2
<a href="#">A Costa de Dexo, Mera - Lorbé (A Coruña)</a>	31/03/2000	266
<a href="#">A praia das Catedrais, Barreiros-Ribadeo (Lugo)</a>	04/02/2005	28,94
<a href="#">O Souto de Rozabales, Manzaneda (Ourense)</a>	25/02/2000	1,8



### c) Humidal protexido

Entenderase por humidal protexido as extensións de marismas, pantanos, turbeiras ou superficies cubertas de auga, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña cuxa profundidade en marea baixa non exceda os seis metros, que á vez cumpran unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica na conservación dos recursos naturais, e que sexan declaradas como tales.

Poderán comprender zonas ribeirás, costeiras ou adxacentes, así como as illas ou extensións mariñas de profundidade superior aos seis metros en marea baixa cando estas se atopen dentro do terreo húmido.

En total, cinco espazos galegos están clasificados como protexidos, após a súa declaración como sitio Ramsar.

**Táboa 7. Terreos húmidos galegos protexidos.**

Nome do terreo húmido	Superficie (ha)	Provincia
Ría de Ribadeo	536,44	Lugo
Ría de Ortigueira e Ladrado	2.985,28	A Coruña
Lagoa e areal de Valdoviño	740,70	A Coruña
Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo	982,90	A Coruña
Complexo intermareal Umia- O Grove-A Lanzada	2.476,72	Pontevedra

Fonte: Consellería de Medio Ambiente.

### d) Zona de especial protección dos valores naturais

Considérase como zona de especial protección dos valores naturais a aqueles espazos que, dados os seus valores ou interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico, sexa necesario asegurar canto á súa conservación e que non teñan outra protección específica.

Nestas áreas poderán seguir levándose a cabo de xeito ordenado os usos e actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos. Para o resto das actuacións, incluíndo a realización de edificacións, será precisa a autorización da Consellería de Medio Ambiente.

En zonas de especial protección dos valores naturais incluíranse tamén:

1. As **zonas especiais de conservación que conformen a Rede Natura 2000**, creada ao amparo das directivas CEE 79/409 e 92/43, e que non posúan outra figura de protección das establecidas nesta Lei.
2. As zonas de aplicación dos plans de recuperación e conservación de especies e de hábitats.
3. Os espazos forestais que, ao seren obxecto dunha importante porcentaxe das actuacións, se verán significativamente afectados.
4. As zonas desfavorecidas, designadas ao amparo do Regulamento (CE) 1257/1999.
5. As zonas que contan con denominación de orixe (DO) ou indicacións xeográficas protexidas (IXP).
6. As zonas de aplicación da metodoloxía Leader que serán obxecto de selección após a aprobación do programa e nas que os grupos de acción local desenvolverán as correspondentes estratexias de desenvolvemento de enfoque territorial e local.

As características ambientais destas zonas quedan definidas ao longo da descrición da situación ambiental de Galiza. Canto ás zonas que integran a **Rede Galega de Espazos Protexidos**, é posíbel acceder a unha información máis precisa das características ambientais de cada zona (fauna, flora, etc.) a través da páxina *web* da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

### 3.3. Os principais problemas ambientais da Comunidade Autónoma

Entre os diversos problemas ambientais aos que se enfrenta a Comunidade Autónoma os que teñen maior relevancia en relación coa aplicación do Programa de Desenvolvemento Rural son os que se expoñen a continuación.

#### a) A degradación da paisaxe tradicional e a perda de biodiversidade

Os cambios socioeconómicos que se están a producir en Galiza, o estancamento das rendas agrarias e a falta de competitividade de gran parte das explotacións agrarias, así como os poucos alicientes existentes para a xuventude do medio rural, están a dar lugar a un fenómeno de despoboamento e abandono da actividade agraria.

Estes fenómenos están asociados a un progresivo **abandono das terras agrarias**, que provoca a existencia de extensións sen ningún tipo de aproveitamento. Este feito, ademais de supoñer unha enorme perda de riqueza económica e de valores históricos, culturais e patrimoniais, trae consigo un importante prexuízo ambiental. Alén disto, o abandono das terras agrarias incrementa o risco de incendio.

Deste xeito, a falta de mantemento, debido ao cesamento da actividade, provoca unha degradación da paisaxe tradicional así como unha perda de biodiversidade.

Por outro banda, o proceso de **intensificación das explotacións agrícolas e gandeiras** que se está a levar a cabo está asociado á regresión dos sistemas de produción tradicional, así como a unha crecente perda de biodiversidade.

Así, por exemplo, a intensificación da produción vacúa dá lugar á especialización gandeira en determinadas razas en detrimento das razas autóctonas. No caso dos ecosistemas forestais, a progresiva reforestación con especies de crecemento rápido como o eucalipto orixina unha alteración da paisaxe tradicional galega, unha perda de biodiversidade e unha fragmentación dos hábitats naturais.

#### b) Os incendios forestais



Os incendios forestais son un problema ambiental e socioeconómico de primeira orde en Galiza. En termos de efectos sobre o medio, os incendios forestais teñen importantes implicacións sobre a auga, o aire, a flora, a fauna e o solo. Así, por exemplo, a perda por erosión pode chegar a alcanzar valores superiores a 100t/ha, podendo xerar fenómenos de diversa índole, como o incremento do fluxo rápido nos caudais fluviais, que conducen a episodios torrenciais con graves danos sobre as economías locais.

Durante a última década, o 53% dos lumes acontecidos en España producíronse en Galiza, o que supón o 25% da superficie total queimada. Tendo en conta que Galiza representa o 10,72% da superficie forestal nacional (INE, 2002), as cifras demostran a gravidade que alcanza este tipo de catástrofes naturais.

As zonas de especial risco de incendio (ZER) ocupan 391.549,72 ha, é dicir, un 19,9% da superficie forestal e un 13,06% da superficie galega. Estas zonas son áreas onde a frecuencia ou virulencia dos incendios forestais e a importancia dos valores ameazados requiren medidas especiais de protección contra os lumes (definidas na Orde do 12 de xullo de 2005); medidas encamiñadas á prevención, vixilancia e investigación e coa finalidade de eliminar a situación de risco.

Ademais, durante o presente ano, a Consellería do Medio Rural estableceu 226 parroquias de especial vixilancia (PEV.).

Gráfico 4. Evolución dos incendios forestais en Galiza



Fonte: elaboración propia; datos da Dirección Xeral de Montes

Dos 19 distritos forestais galegos nos que se divide a Comunidade Autónoma de Galicia (5 na provincia da Coruña, 5 na de Lugo, 5 na de Ourense e 4 na de Pontevedra), son os cinco distritos da provincia de Ourense os que representan unha maior superficie afectada.

Cómpre salientar que a alta incidencia en número de incendios e superficie queimada non está motivada por unhas condicións climáticas especiais senón que destacan os datos sobre intencionalidade, ligada a condicións estruturais.

Por outro lado, é preciso remarcar que a loita contra os lumes se ve notabelmente dificultada por factores ligados ao contexto socioeconómico rexional, como son a enorme dispersión da poboación no territorio galego, o elevado índice de envellecemento da poboación rural e o crecente abandono de terras e da actividade agraria. Así mesmo, destaca a influencia xerada por un sector agroforestal disperso no territorio e unha propiedade forestal atomizada.

### c) **As emisións de gases de efecto invernadoiro**

As emisións de gases de efecto invernadoiro xeradas nas zonas rurais galegas derivan principalmente do desenvolvemento da agricultura e alcanzaron no ano 2001 os 3.501.900

millóns de toneladas equivalentes de CO<sub>2</sub>. Estas emisións asócianse ás fontes que se describen a continuación.

- Emisións xeradas polo gando doméstico: a fermentación intestinal e o manexo do esterco producen emisións de metano (CH<sub>4</sub>) e de óxido nitroso (N<sub>2</sub>O). Entre os anos 1990 e 2001 ambas as dúas emisións seguiron unha tendencia crecente.
  - A emisión de **metano (CH<sub>4</sub>)** derivada da fermentación intestinal está xerada na maior parte polos ruminantes. En total, para o conxunto do gando existente en Galiza, a produción ascendeu a 2.379.920 toneladas equivalentes de CO<sub>2</sub> no ano 2001, segundo as estimacións do Ministerio de Medio Ambiente. É preciso destacar que o 90,6% da devandita emisión procede do gando vacún, o tipo de gando con maior importancia en Galiza.
  - As emisións de **N<sub>2</sub>O** asociadas ao gando doméstico derivan do manexo do esterco. Os sistemas de manexo do esterco poden ser: a fertilización diaria, o almacenamento sólido en parcelas secas, pradarias ou pastos, os sistemas de tipo líquido e outros. Segundo as estimacións realizadas no *Inventario de emisións de gases efecto invernadoiro en Galicia*, no ano 2001 estas emisións alcanzaron en Galiza os 248.560 equivalentes de CO<sub>2</sub>(t).
- Emisións procedentes dos solos agrícolas: trátase de emisións directas de N<sub>2</sub>O procedentes dos solos agrícolas, dos solos dedicados á produción animal e emisións indirectas procedentes do nitróxeno utilizado na agricultura. En total, as emisións de N<sub>2</sub>O procedentes de solos agrícolas en Galiza no 2001 alcanzan os 1.108.870 equivalentes de CO<sub>2</sub>(t).
- Emisións xeradas pola queima de residuos agrícolas: trátase das emisións de CH<sub>4</sub> e N<sub>2</sub>O xeradas pola queima de restollo, palla, etc. Segundo os datos que achega o Ministerio de Medio Ambiente, estas ascenden a 13.110 equivalentes de CO<sub>2</sub> (t).

Por outro lado, cómpre destacar o alto potencial de Galiza como sumidoiro de carbono, debido á súa elevada superficie forestal.

#### **d) A erosión dos solos e a deforestación**

Entre os tipos de degradación de solos encóntrase **a erosión**, que constitúe un importante dano ambiental e socioeconómico, xa que ocasiona unha perda na produtividade dos solos agrarios, provocando á súa vez unha desestabilización das ladeiras, aumentando os riscos de correntamentos de terras, alterando as condicións de vida de moitas especies e causando unha diminución da produción de biomasa das terras forestais.

Aínda que en tempos pasados o fenómeno da erosión tiña en Galiza escasa importancia, actualmente, debido á abundante pluviometría e á progresiva perda de cuberta vexetal orixinada por procesos como o abandono da actividade agraria ou a deforestación, estase a producir un aumento dos procesos erosivos. O territorio máis afectado son as serras orientais e centrais.

Entre as actuacións antrópicas que están a xerar un aumento dos procesos erosivos está **a deforestación**. Ademais, hai que sinalar que este cambio no uso do solo e a conseguinte perda de superficie forestal alteran a taxa natural de intercambio entre a atmosfera e a biosfera. Así, a deforestación supón unha diminución da capacidade de secuestrar os gases de efecto invernadoiro.

#### **e) A contaminación do solo e da auga**

A contaminación do solo e da auga é un problema ambiental con crecente importancia. O cambio nas prácticas de produción agraria, xerado polo proceso de modernización e intensificación das explotacións agrícolas existente, aumentou a xeración de residuos e

modificou as prácticas tradicionais da súa xestión, traducíndose, xa que logo, nunha maior contaminación.

➤ Derivada da concentración do gando:



As explotacións gandeiras de vacún teñen unha base territorial propia que ás veces resulta insuficiente para absorber as cantidades de residuos procedentes das actividades dos animais estabulados, o que en ocasións dá lugar á contaminación por nitratos.

A tendencia á concentración das explotacións aumenta os riscos de contaminación destas áreas e os seus efectos vense agravados naquelas explotacións que presentan unha ratio UGM/ha superior á recomendábel, non dispoñendo de superficie agraria suficiente na que distribuír os residuos xerados e conseguir ao mesmo tempo un aforro en fertilizantes nitróxenos.

Por outra banda, as fosas para o almacenamento de residuos están infradimensionadas na maioría das explotacións agrarias, presentando en moitos casos problemas de permeabilidade. Á súa vez, a falta de cubertas provoca a posterior entrada de augas pluviais, sendo receptoras tamén de augas residuais de leitarías, etc.

➤ Derivada da incorporación de fertilizantes:

A incorporación de fertilizantes químicos e produtos zoo e fitosanitarios é imprescindible para o logro dunha agricultura intensiva de alta produtividade, mais presenta como inconveniente un elevado custo ambiental que se reflicte nunha serie de efectos negativos para a saúde pública e para a estabilidade dos sistemas naturais.



Galiza, se a comparamos co resto do territorio nacional, ten un baixo consumo de fertilizantes (quinta comunidade autónoma con menor consumo).

Segundo o Banco Público de Indicadores Ambientais do Ministerio de Medio Ambiente, os consumos do ano 2004, expresados en kg /ha ascenderon a:

- Nitroxenados =47,07
- Fosfatados =41,08
- Potásicos =29,94

**Total =118,09**

No que respecta ao consumo de fitosanitarios, Galiza aparece na novena posición de maior consumo. Os datos do BPIA expresados en kg /ha para o 2004 indican:

- Insecticidas =1,02
- Fungicidas =4,56
- Herbicidas =3,09
- Outros =0,99

**Total =9,48**

dependerá non só da intensidade de uso de



fertilizantes nitroxenados ou da carga gandeira, senón tamén do tipo de terra ou das características climatolóxicas da zona.

#### **f) A xestión e uso da auga**

---

A porcentaxe da superficie galega cun balance hídrico deficitario anual é pouco significativa, aínda que é certo que determinadas comarcas, cunha agricultura intensiva en expansión, incrementaron a presión sobre os recursos hídricos.

Os sistemas de regadío actuais realizados hai décadas supoñen un elevado consumo de auga, posto que están aplicados en terras con excesivo parcelamento e son pouco eficaces. Nos meses de seca prodúcese unha maior demanda de auga que causa afeccións aos caudais e que limita o emprego do recurso con certa estabilidade.

#### **g) A perda de patrimonio cultural**

---

O progresivo despoboamento que experimenta o mundo rural galego pon en risco a conservación do patrimonio cultural asociado a estas zonas. Así, o abandono da actividade agraria e o progresivo éxodo rural provocan unha perda de valores históricos, culturais, etc.

Neste sentido, o proceso de urbanización (con especial incidencia na franxa costeira), consecuencia da expansión urbana e da progresiva estandarización dos modos de vida tipicamente urbanos, preséntase tamén como unha ameaza á cultura rural.

Esta perda de patrimonio cultural non se basea apenas nunha perda de patrimonio material, senón tamén das actividades, usos e costumes tradicionais.

## 4. OBXECTIVOS AMBIENTAIS

### 4.1. Marco de referencia internacional, comunitario, estatal e nacional

As dúas ideas fundamentais nas que se basean as políticas relacionadas co desenvolvemento sostíbel son:

- O desenvolvemento sostíbel procura a mellora da calidade de vida, tanto para as xeracións actuais como para as futuras.
- O desenvolvemento, para que sexa sostíbel, debe articular de forma equilibrada as dimensións económica, social e ambiental. O crecemento económico debe favorecer o progreso social e respectar o medio, as políticas sociais deben estimular a economía e as políticas ambientais deben resultar eficaces e rendíbeis.

Deste xeito, e de acordo coas dúas ideas expostas, **destacan tres obxectivos esenciais** para a consecución dun desenvolvemento sostíbel:

- O progreso social, é dicir, a mellora da calidade de vida baseada no benestar social, a calidade ambiental e a identidade cultural.
- O uso racional dos recursos, isto é, o aproveitamento dos recursos de forma que non prexudique a terceiros e a través dunha xestión prudente, que permita non só conservar e preservar o medio, senón tamén recuperalo e restauralo.
- O desenvolvemento económico, que permita un maior equilibrio e estabilidade que a existente actualmente.

#### a) O marco de referencia internacional

##### **Informe Brundtland (1987)**

O informe Brundtland, presentado perante a Comisión para o Desenvolvemento Sostíbel das Nacións Unidas en 1987, contén a definición, internacionalmente aceptada, de desenvolvemento sostíbel:

*O desenvolvemento sostíbel é aquel que satisfai as necesidades actuais sen poñer en perigo a capacidade das xeracións futuras de satisfacer as súas propias necesidades.*

##### **A Declaración de Río de Xaneiro (1992)**

A Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio e o Desenvolvemento celebrada en Río de Xaneiro en xuño de 1992 proclama 27 principios a través dos que se recoñece a natureza integral e interdependente da Terra; así mesmo, sitúase aos seres humanos como centro da preocupación polo desenvolvemento sostíbel, aclarando que a protección do medio deberá constituír parte integrante do proceso de desenvolvemento, non podéndose considerar de forma illada.

A declaración fai tamén especial mención do dereito de cada Estado a aproveitar os seus recursos e do dereito ao desenvolvemento que deberá exercerse de forma equitativa en función das necesidades das xeracións actuais e futuras.

##### **A Declaración de Johannesburgo (2002)**

O Cumio Mundial sobre Desenvolvemento Sostíbel celebrado en Johannesburgo en setembro 2002 reafirmou os principios enunciados no Cumio de Río.

Deste xeito, asúmese a responsabilidade colectiva de avanzar e fortalecer os piares interdependentes e mutuamente reforzados do desenvolvemento sostíbel: o

desenvolvemento económico, o desenvolvemento social e a protección do medio natural; a nivel local, rexional e global.

### **As metas do milenio**

A Organización das Nacións Unidas (ONU), a través da *Declaración do Milenio* aprobada en setembro de 2000, formula 8 obxectivos de desenvolvemento como compromiso que deben cumprir os 191 Estados membros para o ano 2015, constituíndo un plan adoptado por todas as nacións e todas as institucións de maior importancia a nivel mundial.

En concreto, e en relación coa protección ambiental, establécese o obxectivo **nº7: garantir a sostibilidade do medio natural:**

- **Meta 9:** incorporar os principios do desenvolvemento sostíbel nas políticas e os programas nacionais e inverter a perda de recursos ambientais.
- **Meta 18:** velar, en colaboración co sector privado, para que se poidan aproveitar os beneficios das novas tecnoloxías, en particular das tecnoloxías da información e das comunicacións.

### **Outros referentes internacionais relacionados co desenvolvemento rural**

- Convenio Ramsar sobre Terreos Húmidos de Importancia Internacional para as Aves Acuáticas (1971)
- Convenio Marco da Nacións Unidas sobre Cambio Climático (1992)
- Convenio sobre Diversidade Biolóxica (1992)
- Convenio das Nacións Unidas de Loita contra a Desertización, París (1994)
- Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e do Medio Natural en Europa (1986)
- Protocolo de Kyoto (1997)
- Convenio Aarhus de 1998 sobre Acceso á Información, Participación do Público na Toma de Decisións e Acceso á Xustiza en Materia de Medio Natural.

### **b) A integración do medio e o desenvolvemento sostíbel nas políticas da Unión Europea**

No Consello Europeo de Cardiff de 1998 declárase a vontade de que as políticas económicas e sectoriais relevantes da UE integren o medio natural.

No Consello celebrado durante os días 15 e 16 de xuño de 2001 en Goteburgo adoptáronse os distintos acordos en relación co desenvolvemento sostíbel, entre os que destacan, en relación co ambiente:

- O desenvolvemento sostíbel esixe utilizar as políticas económicas, sociais e ambientais de forma interactiva.
- O Consello Europeo acorda unha estratexia para o desenvolvemento sostíbel que completa o compromiso político da Unión coa renovación económica e social e engade unha terceira dimensión ambiental á Estratexia de Lisboa.
- Sobre a base da comunicación da Comisión sobre desenvolvemento sostíbel, o Sexto Programa de Acción en materia de medio natural e das estratexias sectoriais para a integración ambiental, o Consello Europeo sinalou, como primeiro paso, varios obxectivos e medidas relativos a catro áreas prioritarias:
  - O cambio climático
  - Os transportes
  - A saúde pública
  - Os recursos naturais



- Integrar o medio en todas as políticas comunitarias pertinentes.

### **A Estratexia Comunitaria de 2001 para un desenvolvemento sostíbel**

Os acordos do Consello de Goteburgo fan referencia á Comunicación da Comisión “Desenvolvemento Sostíbel en Europa para un mundo mellor: Estratexia da UE para un desenvolvemento sostíbel”, COM(2001) 264 final.

O devandito documento sinala as 4 áreas prioritarias seguintes:

- Limitar o cambio climático e incrementar o uso de enerxías limpas.
- Mellorar o sistema de transportes e a ordenación territorial.
- Responder ás ameazas da saúde pública.
- Xestión máis responsábel dos recursos naturais.

### **A revisión de 2005 da Estratexia de Desenvolvemento Sostíbel**

A Comunicación da Comisión “Europa 2010: Unha asociación para a renovación. Prosperidade, solidariedade e seguridade”, COM(2005) 12 final, inicia o proceso de revisión da Estratexia de Desenvolvemento Sostíbel levado a cabo durante 2005.

Estabelece os seguintes principios:

- **PROSPERIDADE:** abordar coa maior urxencia a falta de crecemento e emprego.
- **SOLIDARIEDADE:** Traballar a prol do desenvolvemento sostíbel.
- **SEGURIDADE:** protección da vida e da propiedade dos cidadáns.

A Estratexia revisada a través das Comunicacions da Comisión COM(2005) 37 e COM(2005) 658, establecen o seguinte:

- Os europeos valoran *a calidade de vida*.
- O Tratado da UE identifica o desenvolvemento sostíbel como un obxectivo xeral e a longo prazo.
- O desenvolvemento sostíbel é un desafío de alcance planetario e de enfoque tridimensional: esixe conciliar o desenvolvemento económico, a cohesión social e a protección do medio.
- No ámbito económico, a nova Estratexia de Lisboa é o motor de crecemento e emprego. A consolidación da economía europea é unha compoñente indispensábel do desenvolvemento sostíbel de modo que xere recursos para investir na protección e mellora social e do medio; mais o uso sostíbel dos recursos naturais e a xustiza social resultan esenciais para o éxito económico.

Entre as prioridades temáticas que formulan encóntranse o cambio climático e enerxía limpa, a xestión dos recursos naturais e os transportes sostíbeis, fixando os seguintes obxectivos:

- Manter os compromisos para seguir reducindo as emisións de gases con efecto invernadoiro alén de 2012.
- Desenvolvemento de iniciativas a favor da biomasa e os biocombustíbeis así como das enerxías renovábeis.
- Fomento da innovación tecnolóxica e do mercado das ecotecnoloxías.
- Fomento da produción e do consumo sostíbeis.
- Asegurar a correcta xestión e financiamento da Rede Natura 2000 como principal instrumento para a loita contra a perda de biodiversidade.



- Mellorar a xestión dos recursos naturais renovábeis tales como a pesca, a biodiversidade, a silvicultura, a auga, o aire e o clima.
- Reducir as emisións contaminantes.

No contexto da revisión formulouse a necesidade de establecer as chamadas Estratexias Temáticas sobre Desenvolvemento Sostíbel:

- “Estratexia temática para o medio urbano” COM(2005) 718 final.
- “Estratexia temática sobre a contaminación atmosférica” COM(2005) 446.
- “Estratexia temática sobre o uso sostíbel dos recursos naturais” COM(2005) 670 final.
- “Estratexia temática sobre prevención e reciclaxe de residuos” COM(2005) 666 final.
- “Estratexia temática sobre a protección e a conservación do medio mariño” COM(2005) 504 final.
- “Cara a unha estratexia temática para a protección do solo” COM(2002) 179 final.
- “Unha estratexia temática sobre o uso sostíbel de praguicidas” COM(2006) 372 final.

En relación co desenvolvemento rural, considéranse de especial interese as estratexias temáticas correspondentes ao uso sostíbel dos recursos naturais, prevención e reciclaxe de residuos, protección do solo e uso sostíbel de praguicidas.

Tamén resulta de interese, no ámbito da revisión da estratexia, o documento da Comisión relativo ao deseño e xestión de indicadores: “Sustainable Development Indicators to monitor the implementation of the EU Sustainable Development Strategy” SEC(2005) 161 final.

### **A política comunitaria en materia de medio**

O Sexto Programa de Acción da Comunidade Europea en materia de Medio está baseado na Comunicación da Comisión:

“Medio 2010: o futuro está nas nosas mans” COM(2001) 31 final, e constitúe un dos principais referentes en materia ambiental na Unión Europea.

O Sexto Programa foi adoptado pola Decisión 1600/2002/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de xuño de 2002, e formula como obxectivos xerais:

#### **Intentar resolver o cambio climático:**

- Estabilizar as concentracións atmosféricas de gases de efecto invernadoiro nun nivel que non provoque variacións non naturais no clima terrestre.

#### **Natureza e biodiversidade: protexer un recurso único:**

- Protexer e restaurar o funcionamento dos sistemas naturais.
- Deter a perda de biodiversidade na UE e o mundo.
- Protexer os solos contra a contaminación e a erosión.

#### **Medio e saúde:**

- Conseguir un nivel de calidade ambiental de tal forma que as concentracións de contaminantes de orixe humana resulten inocuas para a saúde humana.

#### **Utilización sostíbel dos recursos naturais e xestión de residuos:**

- Conseguir que o consumo de recursos non supere a capacidade de carga do medio.
- Disociar consumo de recursos e crecemento económico mediante un aumento notábel da eficiencia, a desmaterialización da economía e a prevención dos residuos.



A política comunitaria de medio foi revisada en 2005. A Comunicación da Comisión sobre revisión da devandita política COM(2006) 70 sinala os seguintes principios:

- Os problemas ambientais que afectan actualmente a UE proceden de patróns de produción e consumo insostíbeis.
- A prevención da contaminación é máis barata que o saneamento.
- O crecemento económico e a protección eficaz do medio poden ir da man.
- A promoción do desenvolvemento económico e a protección do medio están no mesmo nivel de importancia para os cidadáns.
- A estratexia da UE sobre crecemento e emprego debe enmarcarse dentro do requisito do desenvolvemento sostíbel e debe aproveitar as sinerxías existentes entre as dimensións económica, social e ambiental.
- A innovación ecolóxica e as técnicas ambientais poden estimular o crecemento e o emprego.
- Dentro da política ambiental, polo seu potencial efecto de eficacia, considérase prioritario o principio de "lexislar mellor".
- A aplicación das Estratexias temáticas debe converterse en asunto prioritario.
- A preservación da biodiversidade é un dos retos de maior urxencia.
- Os ámbitos prioritarios son os seguintes:
  - **Cambio climático:** insístese na necesidade dunha participación máis ampla dos países e sectores no desenvolvemento de tecnoloxías de baixa emisión de carbono, a utilización crecente e continua de mecanismos de mercado, a adopción do Protocolo de Kyoto (acordo de Marrakech) e o reforzo do Mecanismo de Desenvolvemento Limpo (MDL).
  - **Biodiversidade e ecosistemas:** recoñécense os avances no establecemento da Rede Natura 2000 e na integración da biodiversidade na Política Agraria Común (Directrices Estratéxicas de Desenvolvemento Rural e Regulamento (CE) 1698/2005 do Feader).
  - **Medio e saúde:** entre outras prioridades, considérase o impulso da estratexia temática sobre praguicidas. Tamén se pon énfase na eutrofización e a chuvia ácida, que poñen en risco unha grande extensión de hábitats.
  - **Utilización sostíbel dos recursos naturais e xestión de residuos:** esixencia sistemática da avaliación ambiental estratéxica, coherencia cos obxectivos do milenio, estratexias temáticas sobre uso sostíbel de recursos naturais e sobre prevención e reciclaxe de residuos, avaliación do ciclo de vida e consideración da pegada ecolóxica, que en Europa é dúas veces maior que o tamaño do continente (4,9 ha/habitante).

### **Directrices Estratéxicas Comunitarias de Desenvolvemento Rural para o período 2007-2013 (Decisión do Consello do 20 de febreiro de 2006).**

O Consello Europeo, a través destas directrices, sinala que o novo período de programación é unha oportunidade única para orientar a axuda do novo Feader cara ao crecemento, a creación de emprego e o desenvolvemento sostíbel. Aconsella, en coherencia coa Estratexia de Lisboa, focalizar os recursos nas medidas que fagan das zonas rurais europeas lugares máis atractivos para investir e traballar, que fomenten o coñecemento e a innovación e que creen máis postos de traballo e de mellor calidade. Entre as prioridades que se establecen, figura a que fai referencia á necesidade de "estabelecer novas formas de prestación de servizos ambientais beneficiosos para todas as partes".

**As Directrices Estratéxicas Comunitarias para o Desenvolvemento Rural:**

1. - Mellorar a competitividade agraria.
2. - Mellorar o medio e o ámbito rural.
3. - Mellorar a calidade de vida nas zonas rurais e diversificar a economía rural.
4. - Desenvolver a capacidade local de creación de emprego e diversificación.
5. - Garantir a coherencia da programación.
6. - Complementariedade entre instrumentos comunitarios.

**As reformas da PAC e a introdución da ecocondicionalidade.**

As sucesivas reformas da Política Agraria Común (PAC), especialmente as efectuadas en 2003 e 2004, supoñen un importante paso para mellorar e compatibilizar a competitividade e o desenvolvemento sostíbel na UE.

A introdución de pagamentos directos disociados da produción fai que os agricultores respondan aos sinais de mercado en lugar de actuar en función de incentivos vinculados á cantidade. A inclusión de normas ambientais, de seguridade alimentaria, de sanidade e benestar dos animais no principio de ecocondicionalidade<sup>6</sup> dálles maior confianza aos consumidores, e fai que aumente a sostibilidade ambiental da agricultura.

As reformas da PAC e o deseño das novas políticas agrícolas e de desenvolvemento rural abórdanse desde a Comisión Europea baixo a consideración de que a actividade agraria segue a ser a principal usuaria das superficies rurais e o factor determinante da calidade das paisaxes e do medio. Esta importancia aumentou, aínda máis se é posíbel, coa ampliación da UE. Os dous piares da PAC (políticas de mercado e de desenvolvemento rural) xúlganse esenciais para que as zonas rurais europeas afronten os importantes retos e problemas económicos, sociais e ambientais.

**Outros referentes comunitarios relevantes en relación coa integración do medio na agricultura e o desenvolvemento rural.**

- “Estratexia da UE para o sector forestal” COM(1998) 649.
- “Plan de acción da UE para os bosques” COM(2006) 302.
- “Plan de actuación europeo sobre a alimentación e a agricultura ecolóxica” COM(2004).
- “Estratexia da UE en materia de biodiversidade” COM(1998) 42.
- “Indicadores para a integración ambiental da PAC” COM(2000) 20.
- “Estratexia Territorial Europea: cara a un desenvolvemento equilibrado e sostíbel do territorio.”
- “Comunicación sobre o principio de precaución” COM(2000) 1.
- “Plan de Actuación a favor das tecnoloxías ambientais na Unión Europea” COM(2004) 38.
- “Plan de Acción para a biomasa” COM(2005) 628.
- “Libro Verde sobre a eficiencia enerxética” COM(2005) 265.
- “Estratexia europea para os biocarburantes” COM(2006) 34.
- “Libro Branco sobre seguridade alimentaria” COM(1999) 719 e COM(2001) 723.

<sup>6</sup> Regulamento (CE) n° 1782/2003 do Consello e Regulamento (CE) n° 796/2004 da Comisión.



- “Política de Produtos Integrada. Desenvolvemento do concepto de ciclo de vida ambiental” COM (2002) 302.
- Directiva 91/676/CE relativa á protección das augas contra a contaminación por nitratos.
- Directiva 2000/60/CEE pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas ("Directiva Marco da Auga").
- Directiva 96/61/CE sobre prevención e control integrados da contaminación (IPPC).
- Directiva 92/62/CE sobre avaliación e xestión da calidade do aire.
- Directiva 2002/49/CE sobre redución da contaminación acústica.
- Directiva 2003/4/CE sobre acceso do público á información ambiental.
- Directiva 79/409/CEE sobre conservación das aves silvestres.
- Directiva 92/43/CEE relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e da flora silvestres.
- Directiva 85/337/CE sobre avaliación do impacto ambiental.
- Directiva 92/2078/CEE sobre medidas agroambientais.
- Directiva 2001/77/CE relativa á promoción da electricidade xerada a partir de fontes renovábeis.
- Directiva 2006/32/CE sobre eficiencia enerxética.
- Directiva 2003/30/CE sobre biocarburantes.

### c) **Referentes nacionais**

---

#### **O Plan Estratéxico e o Marco Nacional de Desenvolvemento Rural**

---

O Plan Estratéxico Nacional de Desenvolvemento Rural é o elemento que debe asegurar a coherencia entre as prioridades comunitarias, nacionais e rexionais.

A súa elaboración correspóndelle ao Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, encontrándose en estado de borrador (28-07-2006) no momento de redacción do presente documento. Nel establécense os seguintes obxectivos ambientais:

**Auga:**

- ✓ Redución da contaminación das augas por uso de fertilizantes e fitosanitarios
- ✓ Mellora da calidade da auga e aforro no uso de auga (en coherencia co cumprimento da Directiva Marco da Auga).

**Solo:**

- ✓ Evitar perdas de solo por erosión.
- ✓ Mellora do contido de materia orgánica do solo e da súa estrutura.
- ✓ Redución da contaminación do solo.

**Biodiversidade e Natura 2000:**

- ✓ Mantemento e recuperación da biodiversidade.
- ✓ Protección e mellora dos hábitats de interese comunitarios, en especial a Rede Natura 2000, e as zonas de alto valor natural.
- ✓ Caracterización, conservación e utilización sostíbel do patrimonio xenético agrícola e gandeiro.
- ✓ Potenciar a diversidade biolóxica e a xestión sostíbel dos ecosistemas forestais, garantindo a súa funcionalidade ecolóxica, co obxectivo de reducir ou evitar os procesos de desertización provocados pola desaparición da cuberta forestal nos incendios forestais ou catástrofes naturais.
- ✓ Fomentar unha xestión forestal que garanta a conservación e restauración dos valores naturais que deron lugar á designación dos lugares Natura 2000.

**Cambio climático e enerxías renovábeis:**

- ✓ Redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e loita contra o cambio climático.
- ✓ Desenvolvemento de enerxías renovábeis a partir de materias primas agrarias e forestais.
- ✓ Valorización enerxética de residuos e subprodutos de orixe animal.

**Outras:**

- ✓ Mantemento da poboación no medio rural e vertebración do territorio.
- ✓ Mantemento da actividade agraria, compensando as limitacións naturais.

O Marco Nacional de Desenvolvemento Rural atópase en fase de elaboración e aprobación.

**Outros referentes nacionais.**

- Plan Forestal Español (2002).
- Plan Estratéxico de Terreos Húmidos (1999).
- Programa de Restauración de Terreos Húmidos (2002).
- Estratexia española para a conservación e uso sostíbel da diversidade biolóxica (1998).
- Plan Director da Rede de Parques Nacionais, RD 1803/1999 do 26 de novembro.
- Plan de Fomento das Enerxías Renovábeis 2004-2010.
- Lei de reforma e desenvolvemento agrario. Aprobada por Decreto 118/1973 do 12 de xaneiro. Esta Lei regula as actuacións en grandes zonas regábeis de interese xeral así como os procesos de concentración parcelaria.
- Lei 38/1972 de protección do ambiente atmosférico.
- Lei 4/1989 sobre conservación de espazos naturais e da flora e fauna silvestres (modificada polas Leis 40/1997, 41/1997 e 53/2002 de medidas fiscais, económicas e sociais).
- Lei 16/2002 sobre prevención e control integrado da contaminación (CIPF).
- Lei 10/1998 sobre residuos.
- Lei 29/1985 de augas.
- Lei 20/1986 sobre residuos tóxicos e perigosos.
- Lei 11/1997 de envases e residuos de envases.
- Lei 10/2001 Plan Hidrolóxico Nacional (modificada por RD-Lei 2/2004).



- Lei 6/2001 de modificación do RD lexislativo 1320/1988 de avaliación de impacto ambiental.
- Lei 42/2003 de montes.
- Lei 3772003 sobre o ruído.
- RD 1513/2005 sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Lei 9/2006 sobre avaliación dos efectos ambientais de determinados plans e programas no medio.
- Lei 27/2006 sobre dereito de acceso á información, participación pública e acceso á xustiza en materia de medio.
- RD 940/1999 sobre axudas ás áreas de influencia socioeconómica dos Parques Nacionais.
- RD 261/1996 sobre transposición da directiva de nitratos.
- RD 439/1990 relativo ao Catálogo Nacional de Especies Ameazadas.
- RD 4/2001 sobre medidas agroambientais.
- RD 329/2002 relativo ao Plan Nacional de Regadíos.
- RD 952/1997 sobre regulamento de execución da Lei 20/1986 sobre residuos tóxicos e perigosos.
- RD 782/1988 sobre regulamento da Lei 11/1997 de envases e residuos de envases.
- RD Lexislativo 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.
- RD 606/2003 sobre regulamento da Lei de augas.

#### **d) Referentes da CCAA**

---

##### Réxime xeral:

- Lei 1/1995 do 2 de xaneiro de protección ambiental.

##### Agricultura

- Decreto 250/1993 do 24 de setembro polo que se aproba o Programa rexional de axudas a medidas forestais en agricultura.
- Orde do 7 de maio de 1997 pola que se regula a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se crea o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.
- Orde do 26 de agosto de 1997 que modifica a de 4 de setembro de 1996, pola que se establecen na Comunidade Autónoma de Galicia determinadas medidas para o fomento de métodos de produción agrícola e gandeira, compatibles coa protección do medio e a conservación do espazo natural, e establécese un prazo de solicitude en 1997.
- Orde do 7 de setembro de 1999 pola que se aproba o Código Galego de Boas Prácticas Agrarias.

##### Biotecnoloxías

- Orde do 2 de xullo de 1996 de protección de razas bovinas autóctonas en perigo de extinción de acordo co Plan Integral de Mellora Xenética de Gran Vacún en Galiza.

##### Conservación da Natureza

- Lei 9/2001 do 20 de agosto de conservación da natureza.
- Decreto 110/2004 do 27 de maio polo que se regulan os terreos húmidos protexidos.



- Decreto 72/2004 do 2 de abril polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección de valores naturais.
- Resolución do 30 de abril de 2004, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da cartografía onde se recollen os límites dos espazos naturais declarados zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004 do 2 de abril.
- Decreto 82/1989 do 11 de maio que regula a figura de espazo natural en réxime de protección xeral.

#### Praguicidas

- Orde do 8 de abril de 1996 pola que se crea o Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos de Praguicidas e se ditan normas para a inscrición deste na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de abril de 1996 pola que se regula o libro oficial de movemento de praguicidas perigosos
- Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das Consellerías de Agricultura, Gandaría e Montes, Sanidade e Servizos Sociais, pola que se establece, na Comunidade Autónoma de Galicia, a normativa reguladora para a homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, así como para a obtención de carnés de manipuladores destes produtos.

#### Avaliación de impacto ambiental

- Decreto 442/1990 do 13 de setembro de 1990 de avaliación de impacto ambiental.
- Decreto 327/1991 do 4 de outubro de avaliación de efectos ambientais para Galiza.

#### Biodiversidade

- Orde do 10 de decembro de 1984 de protección do acivro en todo o territorio da Comunidade.
- Decreto 142/1992 do 5 de xuño polo que se aproba o Plan de Recuperación do Oso Pardo.
- Lei 1/1993 do 13 de abril de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

#### Montes

- Lei 13/1989 do 10 de outubro de montes veciñais en mancomunidade.
- Decreto 244/1998 do 24 de xullo polo que se regulan os aproveitamentos forestais en montes xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 45/1999 do 21 de xaneiro polo que se establecen as medidas preventivas e de restauración de áreas afectadas polos incendios forestais.
- Orde do 12 de xuño de 1998 pola que crea o rexistro de Proxectos de Ordenación e Plans Técnicos de Xestión de Montes.
- Orde do 21 de novembro de 1997 pola que se establece un período de produción media de Galiza de especies forestais, en relación co tratamento fiscal de rendas forestais.
- Decreto 135/2004 do 17 de xuño polo que se crea o Rexistro Galego de Materiais de Base para a Producción de Materiais de Base para a Producción de Materiais Forestais de Reprodución.
- Decreto 107/1998 do 21 de abril de creación de zonas de prevención e extinción de Agrupacións de Defensa Forestal.
- Orde do 13 de maio de 1996 de axudas a accións de desenvolvemento e ordenación.





- Orde do 7 de agosto de 1996 pola que se aproba o Plan de Protección Civil ante emerxencias por incendios forestais.

#### Augas

- Decreto 16/1987 do 14 de xaneiro de 1987 de deseño técnico do Plan Hidrolóxico de Bacías Intracomunitarias.
- Lei 8/1993 do 23 de xuño de 1993 reguladora da Administración Hidráulica de Galicia.
- Lei 5/1995 do 7 de xuño reguladora das augas.
- Resolución do 12 de abril de 2000 sobre declaración de zonas vulnerábeis na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 23 de xuño do 2000 pola que se ditan normas de tramitación dos expedientes de autorizacións para a limpeza de canles solicitadas polas administracións locais.

#### Atmosfera

- Lei 8/2002 do 18 de decembro de protección do ambiente atmosférico de Galiza.
- Lei 12/1995 do 29 de decembro do imposto de contaminación atmosférica.
- Decreto 205/1995 (Galiza) do 6 de xullo polo que se regula o aproveitamento de enerxía eólica.

#### Solos contaminados

- Resolución do 22 de xaneiro de 1996 (Dirección Xeral de Política Ambiental), pola que dispón a publicación do Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Industria e Comercio da Comunidade Autónoma de Galicia, e o Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio, sobre actuacións de descontaminación de solos do Plan Nacional de Recuperación de Solos contaminados.

#### Urbanismo e ordenación do territorio

- Lei 10/1995 do 23 de novembro de ordenación do territorio.
- Lei 10/1985 do 14 de agosto de concentración parcelaria de Galiza.
- Lei 1/1997 do 24 de marzo do solo de Galiza.
- Lei 7/1996 de 10 xullo de desenvolvemento comarcal de Galiza.
- Lei 5/1997 do 22 de xullo de administración local de Galiza.

#### Turismo

- Lei 9/1997 do 21 de agosto de turismo de Galiza.

#### Patrimonio cultural

- Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galiza.
- Lei 3/1996 do 10 de maio sobre protección dos Camiños de Santiago.

#### 4.2. A contribución do PDR de Galiza á consecución dos obxectivos ambientais

Os obxectivos ambientais dispostos no ámbito internacional, comunitario, nacional e rexional poden englobarse nos seguintes puntos

- ⇒ Mellorar a xestión dos recursos naturais.
- ⇒ Contribuír á redución das emisións e verteduras contaminantes.
- ⇒ Fomentar a produción e o consumo sostíbeis.
- ⇒ Fomentar a produción e uso de enerxías renovábeis asociadas ao sector agrario e forestal: biomasa e biocombustíbeis.
- ⇒ Fomentar a innovación no campo das ecotecnoloxías.
- ⇒ Contribuír á loita contra a perda de biodiversidade.

Deste modo, a contribución do PDR de Galiza aos devanditos obxectivos pode expresarse a través da seguinte matriz:

Obxectivos do PDR	Obxectivos Ambientais Relevantes					
	Mellorar a xestión dos recursos naturais	Contribuír á redución das emisións e verteduras contaminantes	Fomentar a produción e o consumo sostíbel	Fomentar a produción e uso de enerxías renovábeis	Fomentar a innovación no campo das ecotecnoloxías	Contribuír á loita contra a perda de biodiversidade
OI1.Fomentar o coñecemento e desenvolver o capital humano	XX	X	XX	X	X	X
OI2.Reestruturar e desenvolver o potencial físico, fomentando a innovación	0	0	0	XX	XX	0
OI3.Fomentar a calidade da produción agraria	X	0	X	0	0	0
OI4.Fomentar o uso sostíbel das terras agrarias e forestais	XXX	XXX	XXX	XX	XX	XX
OI5.Conservar e valorizar o patrimonio natural	XX	XX	XX	0	0	XXX
OF3.Mellorar a calidade de vida e a economía nas zonas rurais	0	X	X	X	0	0
OF4.Fomentar a gobernanza nas zonas rurais	X	0	X	0	0	0

X: Escasa significación

XXX: Significación moi importante

XX: Significación importante

O: Non significativa

## 5. PROBÁBEIS EFECTOS SIGNIFICATIVOS SOBRE O MEDIO

A análise dos efectos significativos que previsibelmente terá a aplicación do Programa de Desenvolvemento Rural no medio rexional, permítenos chegar ás seguintes conclusións:

- O programa ten un **marcado carácter ambiental**: dos 28 obxectivos estratéxicos programados, 20 terán un previsíbel efecto positivo sobre o medio, é dicir, o 71,42% dos obxectivos.
- Así mesmo, precísase que un 25% do total dos obxectivos específicos se encontran exclusivamente orientados a mellorar e preservar o medio rexional, e están englobados baixo os obxectivos intermedios **fomentar o uso sostíbel das terras agrarias** e **conservar e valorizar o patrimonio natural**.
- Ao contrario, constátase que algúns dos obxectivos do programa poderían ter un efecto negativo sobre o medio. En concreto detéctanse 8 obxectivos específicos, un 28.57% do total, que poderían comprender actuacións potencialmente prexudiciais.
- Por último, é preciso remarcar que o obxectivo intermedio dirixido a **reestruturar e desenvolver o potencial físico, fomentando a innovación** é o que engloba a maior parte de obxectivos estratéxicos potencialmente negativos.

A significación ambiental potencial dos obxectivos do programa resúmese na seguinte táboa:

Obx.inter	Obxectivos específicos do PDR Galiza	Tipo de efecto
Fomentar o coñecemento e desenvolver o capital humano	OE1 Fomentar o rexuvenecemento dos activos agrarios	O
	OE2 Mellorar a información, formación profesional e asesoramento técnico dos traballadores agrarios e forestais	+
	OE3 Aumentar o esforzo en I+D+i agrario e alimentario e forestal	+
Reestruturar e desenvolver o potencial físico, fomentando a innovación	OE4. Aumentar a dimensión económica das explotacións agrarias	-
	OE5. Mellorar a base territorial e as infraestruturas relacionadas coas explotacións agrarias.	+/-
	OE6. Fomentar a diversificación produtiva agraria	+
	OE7. Fomentar a valorización dos espazos forestais	+/-
	OE8. Aumentar o valor engadido das cadeas agroalimentarias e forestais	-
	OE9. Apoiar o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías	+/-
	OE10. Mellorar a produtividade do traballo das explotacións agrarias/agroindustria	-
	OE11. Mellorar as canles de comercialización de produtos agrarios	O
	OE12. Potenciar o asociacionismo agroalimentario	O
Fomentar a calidade e da produción agraria	OE13. Apoiar a participación en réximes de calidade	+
	OE14. Apoiar a adaptación de explotacións e producións aos novos estándares e esixencias de calidade	+
Fomentar o uso sostíbel das terras agrarias e forestais	OE15. Aumentar o valor das funcións territoriais, sociais e ambientais realizadas pola actividade agraria e forestal	+
	OE16. Fomentar a agricultura ecolóxica	+
	OE17. Conservar e valorizar as zonas de alto valor natural e zonas agrarias desfavorecidas	+
	OE18. Apoiar o restabelecemento do potencial silvícola das superficies afectadas por incendios	+
Valorizar o patrimonio	OE19. Mellorar as condicións de protección, conservación e xestión do ámbito natural	+



Obx.inter	Obxectivos específicos do PDR Galiza	Tipo de efecto
	OE20. Mellorar a ordenación e capacidade de defensa dos espazos forestais	+
	OE21. Conservar e mellorar a biodiversidade asociada aos ecosistemas agrarios	+
Mellorar a calidade de vida e a economía rural	OE22. Mellorar o acceso a servizos básicos nas zonas rurais	+/-
	OE23. Mellorar o acceso ás novas tecnoloxías (TIC) no medio rural	O
	OE24. Conservar e mellorar o patrimonio rural	+
	OE25. Favorecer a creación de actividades produtivas non agrarias nas zonas rurais	+/-
Fomentar a gobernanza	OE26. Mellorar a representatividade, transparencia e eficacia dos GAL	O
	OE27. Mellorar a capacidade de dinamización social	+
	OE28. Aplicar o enfoque territorial nas estratexias de desenvolvemento local	+

A seguir xustificárase a valoración asignada a través da análise dos previsíbeis efectos positivos e negativos. A devandita análise levouse a cabo tendo en conta as posíbeis actuacións que permitirán cumprir un obxectivo; para realizala farase uso dunha matriz na que se cruzarán os distintos obxectivos estratéxicos cos distintos factores ambientais (biodiversidade, saúde humana, fauna, flora, solos, auga, aire, clima, infraestrutura, patrimonio cultural e paisaxe).

### 5.1. Identificación e análise dos obxectivos estratéxicos con significación ambiental potencialmente positiva

Tal e como se expresa na táboa do apartado precedente, un 71,42% dos obxectivos específicos programados na definición da estratexia do PDR de Galiza terán un efecto sobre o medio rexional potencialmente positivo, o que demostra o marcado carácter ambiental do programa.

- Dentro dos obxectivos estratéxicos que responden á **mellora do capital humano e fomento do coñecemento**, que se desenvolverán a través do **eixe 1** do PDR dirixido ao aumento da competitividade sector agrícola, cómpre destacar:

#### OE2. Mellorar a información, formación profesional e asesoramento técnico dos traballadores agrarios e forestais

A través das accións destinadas á mellora da información e formación profesional dos traballadores pódese dar lugar a unha mellor xestión, máis racional e eficiente, dos recursos e dos *inputs* tales como a auga, os fertilizantes e os praguicidas.

Así mesmo, pode dar lugar a unha transmisión de coñecementos sobre novas tecnoloxías máis eficaces e respectuosas co medio. Do mesmo xeito, poderase mellorar o grao de sensibilización ambiental dos agricultores e silvicultores e lograrse unha mellor comprensión dos obxectivos de conservación e mellora ambiental máis relacionados coa súa explotación.

Todas estas actuacións repercuten indirectamente, e de forma positiva, sobre o medio rexional.

#### OE3. Aumentar o esforzo en I+D+i agrario e alimentario e forestal

A innovación tecnolóxica permite mellorar a eficiencia no uso dos recursos, a substitución e redución de agroquímicos, a mellora de variedades e razas autóctonas, a eliminación e valorización de residuos, etc.



- Algúns dos obxectivos estratéxicos que comprenden o obxectivo intermedio **reestruturar e desenvolver o potencial físico das explotacións agrarias**, teñen, en función das actuacións que se desenvolvan, un efecto potencialmente negativo ou positivo; neste último caso cómpre destacar:

<b>OE5. Mellorar a base territorial e as infraestruturas relacionadas coas explotacións agrarias</b>
O incremento da base territorial das explotacións agrarias permite a extensificación da produción e favorece a práctica de métodos de produción sostibles e compatibles co medio ambiente.
<b>OE6. Fomentar a diversificación produtiva do sistema agrario</b>
A diversificación produtiva pode dar paso á introdución de novos cultivos con fins non alimentarios, tales como os cultivos agroenerxéticos destinados á produción de enerxía renovábel (biomasa, biodiesel...) ou produtos farmacéuticos alternativos aos de síntese química con efectos favorábeis para a saúde. Ambos os dous casos darán lugar a un efecto positivo indirecto sobre o medio, ao reducir o uso doutras fontes de enerxía máis contaminantes, ou doutros produtos de síntese química.
<b>OE7. Fomentar a valorización dos espazos forestais</b>
As actuacións de valorización do monte, baseadas no concepto de multifuncionalidade, contribúen non só ao incremento do valor económico das explotacións forestais, senón tamén á preservación da biodiversidade e á loita contra o cambio climático ao actuar as masas forestais como sumidoiros de CO <sub>2</sub> .
<b>OE9. Apoiar o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías</b>
O desenvolvemento de novos procesos e tecnoloxías pode implicar a substitución dos actuais por outros máis respectuosos co medio; así, por exemplo, pode dar lugar a procesos que xeren unha redución de contaminantes, gases efecto invernadoiro, un menor uso de recursos...

- As actuacións que responden á **mellora da calidade dos produtos agrarios**, incluídas no eixe 1 do PDR, teñen asociado un efecto positivo sobre o medio:

<b>OE13. Apoiar a participación en réximes de calidade</b>
A promoción da calidade diferenciada é particularmente favorábel en relación coa seguridade alimentaría e, polo tanto, coa saúde humana; ao requirir sistemas controlados de produción, favorece a aplicación de boas prácticas.
<b>OE14. Apoiar a adaptación das explotacións e producións aos novos estándares e esixencias de calidade</b>
Favorécese e axilízase a aplicación das esixencias regulamentarias, entre elas as relativas ao medio, a saúde pública, a sanidade animal e a fitosanidade, o benestar dos animais, así como as boas prácticas agrarias e outros protocolos de interese ambiental existentes no seo das normativas comunitarias.

- As actuacións que responden aos obxectivos intermedios **fomentar o uso sostíbel das terras agrarias e conservar e valorizar o patrimonio natural**, que serán desenvolvidas a través do eixe 2 do PDR de Galiza, están dirixidas como indica o nome do eixe á mellora do medio e do ámbito rural, tendo un previsíbel efecto positivo.



<b>OE15. Aumentar o valor das funcións territoriais, sociais e ambientais realizadas pola actividade agraria e forestal</b>
Os sistemas de produción respectuosos co medio non sempre son recoñecidos e compensados polo mercado. Polo tanto, a través do aumento da súa valorización, remunerándoos axeitadamente mediante axudas eficazmente establecidas e xestionadas fomentaranse e manterán, xerando toda unha serie de efectos positivos sobre o medio, como os beneficios asociados en termos de biodiversidade, eficiencia no uso dos recursos naturais ou de saúde humana.
<b>OE16. Fomentar a produción ecolóxica</b>
A produción ecolóxica favorece a conservación do solo, evita a contaminación química e os riscos asociados para o medio e para a saúde humana, fomenta as especies e variedades autóctonas, minimiza o consumo de enerxía e racionaliza o uso dos recursos naturais. Deste modo, o aumento da superficie agraria ecolóxica ou o número de cabezas baixo gando ecolóxico incidirá positivamente sobre o medio rexional.
<b>OE17. Conservar e valorizar as zonas de alto valor natural e zonas agrarias desfavorecidas</b>
As actuacións que se integran neste obxectivo terán un importante efecto positivo sobre o medio, en termos de loita contra a perda de biodiversidade, evitando a extinción de especies ou variedades tradicionais, ou permitindo o mantemento de razas autóctonas en perigo de extinción.
<b>OE18. Apoiar o restabelecemento do potencial silvícola das superficies afectadas por incendios</b>
O restabelecemento dos espazos forestais afectados por incendios incide positivamente no medio, ao restaurar todos os beneficios asociados aos sistemas forestais. Os sistemas forestais están directamente implicados na conservación do medio rexional; estes sistemas ofrecen beneficios alternativos e complementarios aos de índole estritamente produtiva, como captación de CO <sub>2</sub> , paisaxe, protección do solo, acubillo de especies da fauna...
<b>OE19. Mellorar as condicións de protección, conservación e xestión do ámbito natural</b>
Obxectivo de marcado carácter ambiental, e que terá efectos positivos sobre todos os factores ambientais: a biodiversidade, o solo, as augas, a conservación de recursos, etc.
<b>OE20. Mellorar a ordenación e capacidade de defensa dos espazos forestais</b>
A través destas actuacións conseguirase reducir a incidencia dos incendios forestais; evitando así a perda de biodiversidade, degradación de solos, destrución da paisaxe, e resto de efectos negativos ligados a esta catástrofe natural.
<b>OE21. Conservar e mellorar a biodiversidade e outros aspectos ambientais asociados aos ecosistemas agrarios</b>
As actuacións que se integran neste obxectivo terán un importante efecto positivo sobre o medio, en termos de loita contra a perda de biodiversidade, evitando a extinción de especies ou variedades tradicionais, ou permitindo o mantemento de razas autóctonas en perigo de extinción.

- Dentro dos obxectivos estratéxicos que responden á **mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural**, que se desenvolverán a través do eixe 3 do PDR, cómpre destacar:

<b>OE24. Conservar e mellorar o patrimonio rural</b>
O patrimonio rural inclúe tanto o patrimonio natural como cultural, polo que a súa mellora e conservación favorecerá o mantemento e a valorización dos recursos naturais e culturais da rexión.
<b>OE25. Favorecer a creación de actividades non agrarias nas zonas rurais</b>
O xurdimento de novas actividades produtivas no medio rural distintas das puramente agrarias contribúe á xerar renda e emprego, o que favorece a fixación de poboación no rural e frea o proceso de abandono que están a sufrir estas áreas.



- Por último, o obxectivo intermedio **fomentar a gobernanza**, que se desenvolverá a través do eixe 4 ou a aplicación do enfoque Leader, inclúe obxectivos con potencial efecto positivo como:

#### OE27. Mellorar a capacidade de dinamización social

A mellora da dinamización social e a cobertura territorial dos Grupos de Acción Local resulta esencial para a extensión e consideración efectiva do enfoque local, así como da participación da poboación local nos procesos de desenvolvemento, e en particular no deseño das estratexias ambientais.

#### OE28. Aplicar o enfoque territorial nas estratexias de desenvolvemento local

Os coñecementos da poboación local sobre o seu territorio e a súa participación efectiva na formulación estratéxica resultan esenciais en relación coa xestión ambiental. Dificilmente poderán obterse logros apreciábeis en materia de conservación e mellora dos recursos naturais e culturais sen a participación e compromiso da poboación local.

### 5.2. Análise das actuacións potencialmente positivas e dos efectos probábeis sobre o medio

A partir do exposto con anterioridade, obsérvase que existen unha serie de actuacións, ligadas ao cumprimento dos obxectivos establecidos na Estratexia do PDR de Galiza 2007-2013, cuxa realización podería supoñer efectos potencialmente positivos para o medio rexional.

En concreto, destácanse 11 actuacións (como se mostra na seguinte matriz) vinculadas aos distintos eixes do programa, aínda que cómpre destacar o eixe 2, dirixido á mellora do medio e do ámbito natural, pola súa específica orientación ambiental.

EIXES DA PROGRAMACIÓN OPERATIVA	Áreas prioritarias	Natureza e biodiversidade					Cambio climático	Medio e saúde				Uso sostíbel dos recursos e xestión de residuos	Patrimonio cultural	Bens materiais
	Aspectos ambientais	Biodiversidade	Flora	Fauna	Solo	Paisaxe		Poboación	Aire	Auga	Saúde humana			
EIXE 1: Aumento competitividade sector agrícola	(1) Formación / sensibilización ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	XXX	0	0
	(2) Innovación en técnicas e procesos máis respectuosos co medio	X	X	X	X	X	XX X	X	XXX	XXX	X	XXX	0	0
	(3) Diversificación produtiva agraria	0	0	0	0	0	XX	0	XX	0	X	0	0	0
	(4) Fomento da produción de calidade	0	0	0	0	0	0	0	0	0	X X X	X	0	0
EIXE 2: Mellora do medio e do ámbito natural	(5) Apoio a zonas desfavorecidas	XX	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	X	X
	(6) Aumento de superficie agricultura ecolóxica	X	XX	XX	XX X	X	0	XX	0	XXX	X	XXX	0	0
	(7) Reforestación e restabelecemento do potencial silvícola	XXX	X	X	XX X	XX	XX	0	0	0	0	X	X	0
	(8) Mellora da protección, conservación e xestión do ámbito natural	XXX	XXX	XXX	XX X	XX	XX	XX	XX	XXX	X	XX	XX	0
EIXE 3:	(9) Conservación do patrimonio rural	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	XXX	XX
EIXE 4: LEADER	(10) Dinamización social	0	0	0	0	0	0	XX	0	0	0	X	X	0
	(11) Utilización do enfoque territorial	0	0	0	0	X	0	0	0	0	0	X	X	X

X: Escasa significación

XX: Significación importante

XXX: Significación moi importante

O: Non significativa



### 5.3 Identificación e análise dos obxectivos estratéxicos con significación ambiental potencialmente negativa

Do total de obxectivos estratéxicos programados no PDR de Galiza 2007- 2013, apenas un 28,57% presenta un efecto potencialmente negativo sobre o medio e este dependerá das actuacións que se leven a cabo para alcanzar o obxectivo en cuestión.

- A maior parte de obxectivos estratéxicos cun potencial efecto negativo englobábase no obxectivo intermedio **reestruturar e desenvolver o potencial físico das explotacións agrarias**, que se desenvolverá a través do eixe 1 do PDR, dirixido a mellorar a competitividade agraria.

#### OE4. Aumentar a dimensión económica das explotacións agrarias

O aumento da dimensión económica das explotacións agrarias pode ir asociado, entre outras cousas, a procesos de intensificación da produción e substitución de sistemas extensivos, incremento do consumo de recursos, transformación a regadío, maior utilización de fertilizantes, fitocidas ou praguicidas, sobreexplotación dos solos, instalación de monocultivos ou introdución de novas variedades.

Estes procesos poden ocasionar efectos negativos sobre o medio, como son o esgotamento de recursos, o incremento de contaminación de augas e solos, a perda de variedades tradicionais e de técnicas ou sistemas tradicionais de xestión, o aumento da erosión ou a perda de produtividade do solo.

#### OE5. Mellorar a base territorial e as infraestruturas relacionadas coas explotacións agrarias

Para conseguir unha mellora da estrutura das explotacións agrarias en Galiza será preciso levar a cabo actuacións de reorganización técnica e xurídica da propiedade co fin de reducir o índice de parcelamento e mellorar a accesibilidade aos terreos mediante procesos de concentración parcelaria, reordenación asociativa, explotación comunitaria e outros.

Polo tanto, todo iso pode provocar efectos negativos sobre o medio, como a fragmentación de hábitats ou a perda de biodiversidade, ocasionando tamén unha perda de riqueza paisaxística.

#### OE7. Fomentar a valorización dos espazos forestais

A valorización dos espazos forestais pode traer consigo a utilización de especies ou a aplicación de prácticas culturais de plantación, mantemento ou explotación inadecuadas con respecto aos intereses ambientais; así como a apertura de camiños, a sobreexplotación dos recursos ou o aumento dos tratamentos fitosanitarios.

Todo iso pode orixinar a perda de efectivos poboacionais, a fragmentación, modificación ou destrución de hábitats naturais e ecosistemas, a aparición de novas doenzas ou pragas potenciais ou a perda de diversidade natural e paisaxística.

#### OE8. Aumentar o valor engadido das cadeas agroalimentarias e forestais

O aumento do valor engadido pode ir asociado a procesos de intensificación produtiva, de maior consumo de recursos, de introdución de novas variedades, de perda de usos tradicionais e de xeración de residuos e contaminantes por parte da industria agroalimentaria.

#### OE9. Apoiar o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías

O desenvolvemento de novos procesos, produtos e tecnoloxías pode producir efectos negativos sobre o medio na medida en que os devanditos procesos non respondan aos intereses ambientais. Así, por exemplo, pode dar lugar a un incremento na utilización de recursos ou na xeración de residuos que ocasione un aumento da contaminación de solos, auga e aire.

#### OE10. Mellorar a produtividade do traballo agrario e da agroindustria



A mellora da produtividade do traballo agrario e da agroindustria pode ir acompañada dun incremento da produción que derive nunha serie de efectos prexudiciais de índole ambiental, entre os que poderían destacarse unha maior xeración de residuos ou a perda de usos tradicionais.

- O resto de obxectivos estratéxicos con potenciais efectos negativos están englobados no obxectivo intermedio referente á **mellora da calidade de vida e diversificación da economía rural**, que se desenvolverá a partir do terceiro eixe do programa. En concreto, os seguintes obxectivos estratéxicos poden ter asociados certos efectos negativos potenciais:

#### OE22. Mellorar o acceso a servizos básicos nas zonas rurais

Dentro da mellora do acceso a servizos básicos nas zonas rurais pódese levar a cabo a construción de infraestruturas que poden derivar en efectos ambientais negativos, así como na fragmentación, modificación ou destrución de hábitats, na perda de diversidade paisaxística ou na ocupación de espazos naturais.

#### OE25. Favorecer a creación de actividades produtivas non agrarias

Á hora de favorecer a creación de actividades produtivas non agrarias, unha das posíbeis actuacións será a potenciación do turismo rural, que pode provocar un aumento da afluencia a espazos naturais valiosos, a construción de infraestruturas de acceso, a maior xeración de residuos, o cambio nos usos do solo ou un desenvolvemento urbanístico excesivo. Efectos similares poden derivarse do fomento de microempresas no ámbito rural.

Todo iso pode orixinar distintas perturbacións sobre o medio, como o cambio de conduta dos animais, a destrución da capa vexetal, a destrución de especies, a modificación das paisaxes, etc.

### 5.3.1 Análise das actuacións potencialmente negativas e dos seus probábeis efectos sobre o medio

A partir do exposto no apartado anterior, obsérvase que existen unha serie de actuacións ligadas ao cumprimento dos obxectivos establecidos na estratexia do PDR de Galiza 2007-2013, que de levarse a cabo poderían ter efectos potencialmente negativos para o medio rexional.

En concreto, trátase de 6 actuacións que se vinculan especialmente ao eixe 1, dirixido ao aumento da competitividade agraria, e máis concretamente ao subeixe 1.2, destinado á reestruturación e desenvolvemento do potencial físico das explotacións agrarias. Tamén sería oportuno destacar dúas actuacións vinculadas ao eixe 3, de mellora da calidade de vida e diversificación da economía.

Os efectos negativos potenciais caracterízanse na matriz que se acompaña.

EIXES DA PROGRAMACIÓN OPERATIVA	Áreas prioritarias	Natureza e biodiversidade					Cambio climático	Medio e saúde				Uso sostibél dos recursos e xestión de residuos	Patrimonio cultural	Bens materiais
	Aspectos ambientais	Biodiversidade	Flora	Fauna	Solo	Paisaxe		Poboación	Aire	Auga	Saúde Humana			
	Actuacións con potencial efecto negativo													
EIXE 1: Aumento da competitividade do sector agrícola	(1) Modernización das explotacións agrarias.	XX	XX	XX	XX	XX	X	0	X	XX	X	XX	0	0
	(2) Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais.	0	0	0	XX	0	0	0	XX	XX	0	X	0	0
	(3) Mellora da base territorial das explotacións.	X	XX	XXX	XX	X	0	0	0	0	0	0	X	X
	(4) Mellora e desenvolvemento de infraestruturas nas explotacións agrarias (camiños, sistemas de rego, desaugadoiros, edificacións...).	XX	X	X	0	X	0	0	0	0	0	0	X	X
	(5) Mellora do valor económico dos bosques.	XX X	XX	XX	X	X	X	0	0	0	0	XX	X	0
	(6) Creación ou mellora das infraestruturas forestais	XX	X	X	0	X	0	0	0	0	0	0	X	0
EIXE 2	(7) Forestación de terras agrarias e non agrarias.	X	0	0	0	X	0	0	0	0	0	0	0	0
EIXE 3: Calidade de vida e diversificación	(8) Diversificación cara a actividades non agrarias.	X	0	0	0	0	0	X	0	0	0	X	X	X
	(9) Construción ou mellora das infraestruturas turísticas.	XX	XX	XX	X	X	0	X	0	0	0	X	X	0
	(10) Construción ou mellora de infraestruturas de acceso ou prestación de servizos á poboación rural	X	X	X	X	X	0	0	0	0	0	X	X	0

X: Escasa significación

XXX: Significación moi importante

XX: Significación importante

0: Non significativa

## 6. PROPOSTA DE MEDIDAS CORRECTORAS

A seguir propóñense unha serie de medidas correctoras que permitan reducir e contrarrestar os posíbeis efectos negativos sobre o medio provocados pola aplicación do Programa de Desenvolvemento Rural:

Actuacións que poden ocasionar efectos negativos	Medidas correctoras que poden adoptarse no ámbito do Programa de Desenvolvemento Rural Galiza 2007-2013
<b>Modernización das explotacións agrícolas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Darlle prioridade á modernización de explotacións gandeiras baseadas na extensificación e na mellor xestión de residuos, así como na mellora do estado dos bebedeiros, dos sistemas de eliminación de excrementos, dos sistemas de limpeza e na adecuación de fosas de almacenaxe.</li> <li>▪ Darlle prioridade á modernización de explotacións gandeiras baseadas na valorización de residuos.</li> <li>▪ Darlle prioridade á modernización de explotacións agrarias que permita a xestión máis eficiente da auga e o aforro enerxético.</li> </ul>
<b>Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Darlle prioridade ao financiamento de programas de investimento en empresas asociadas a algún sistema de xestión ambiental (EMAS).</li> <li>▪ Darlle prioridade á modernización de instalacións de transformación ou comercialización que xustifiquen melloras ambientais (aforro enerxético, uso eficiente de recursos, diminución de contaminación...).</li> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos de mellora de canles comerciais de produtos de calidade e respectuosos co medio.</li> </ul>
<b>Mellora da base territorial das explotacións agrarias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Limitar o trazado de camiños ou novos accesos a explotacións en zonas sensíbeis.</li> <li>▪ Limitar as actuacións a aqueles proxectos nos que se garanta a conservación do medio.</li> <li>▪ Incorporar as medidas ambientais nos plans de obras de forma que se garanta a conservación dos elementos territoriais valiosos e se facilite a asignación das localizacións de especial valor natural ou cultural ao dominio público.</li> <li>▪ Someter á avaliación de impacto ambiental conforme á normativa vixente.</li> </ul>
<b>Mellora e desenvolvemento de infraestruturas nas explotacións agrarias (camiños, sistemas de rego, desaugadoiros, edificacións, ...)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Limitar a construción de vías de acceso en zonas sensíbeis.</li> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos que garantan unha mellora efectiva do uso da auga.</li> <li>▪ Darlles prioridade ás melloras de infraestrutura que permitan un uso máis eficiente da enerxía.</li> </ul>
<b>Mellora do valor económico dos bosques</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Someter os proxectos á avaliación de impacto ambiental.</li> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos que mellor combinen a obtención de bens económicos, sociais (lecer) e ambientais.</li> <li>▪ Limitar a axuda a proxectos incluídos en plans de xestión dos espazos forestais.</li> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos que fomenten o asociacionismo e as melloras de xestión dos espazos forestais.</li> <li>▪ Darlles prioridade ás melloras dirixidas á valorización de residuos forestais na xeración de enerxía renovábel (biomasa).</li> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos dirixidos a producións de calidade certificada.</li> </ul>



Actuacións que poden ocasionar efectos negativos	Medidas correctoras que poden adoptarse no ámbito do Programa de Desenvolvemento Rural Galiza 2007-2013
<b>Creación ou mellora das infraestruturas forestais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Limitar a construción de vías de acceso en zonas sensíbeis.</li> <li>▪ Realizar avaliacións de impacto ambiental</li> <li>▪ Darlles prioridade ás infraestruturas dirixidas á detección, prevención e control de incendios.</li> </ul>
<b>Forestación de terras agrarias e non agrarias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Fomentar a utilización de especies arbóreas autóctonas.</li> <li>▪ Fomentar as repoboacións con fins estritamente conservacionistas dirixidos á corrección hidrolóxica, loita contra a erosión, corredores...</li> </ul>
<b>Diversificación cara a actividades non agrarias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos que inclúan a sensibilización ambiental.</li> <li>▪ Promover as actividades que valoricen os produtos ou prácticas tradicionais.</li> <li>▪ Darlle prioridade ao apoio ás microempresas cunha maior garantía ambiental</li> </ul>
<b>Construción ou mellora das infraestruturas turísticas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Darlles prioridade aos investimentos en actividades turísticas acordes coas tradicións locais.</li> <li>▪ Darlles prioridade ás infraestruturas turísticas con sistemas de aforro enerxético e uso eficiente de recursos.</li> <li>▪ Promover a creación, ampliación e mellora de centros de interpretación da natureza nas zonas de afluencia turística.</li> <li>▪ Controlar a afluencia a zonas sensíbeis.</li> <li>▪ Limitar a construción de infraestruturas en zonas sensíbeis</li> </ul>
<b>Construción ou mellora de infraestruturas de acceso ou prestación de servizos á poboación rural</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Someter á avaliación de impacto ambiental as novas construcións ou infraestruturas.</li> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos que favorezan a eficiencia e o aforro enerxético, e a mellora da xestión da auga.</li> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos de rehabilitación, recuperación e conservación do patrimonio rural.</li> <li>▪ Utilizar o enfoque territorial nos plans de mellora de infraestruturas e equipamentos do medio rural galego. De garantir a participación da sociedade, propiciárase a sostibilidade dos proxectos (tamén ambiental).</li> </ul>

## 7. SISTEMA DE SEGUIMENTO

### A avaliación continua do PDR

Tal e como determina o artigo 86 do Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello do 20 de setembro de 2005 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), establececese un sistema de avaliación continua do programa de desenvolvemento rural, que entre outros aspectos [...] *determinará os factores que contribúan ao éxito ou ao fracaso da aplicación do programa, concretamente no que atinxe á sostibilidade, e identificará as mellores prácticas.*

Polo tanto, a través do sistema de avaliación continua analizarase a incidencia do programa no medio rexional, determinando, en caso de detectar efectos negativos non reflectidos na avaliación ambiental estratéxica de partida, as medidas correctoras pertinentes para emendalos.

### O sistema de indicadores

Para posibilitar este proceso de avaliación, e a partir das esixencias específicas establecidas polo órgano ambiental no documento de referencia, definiuse un **sistema de indicadores ambientais** que permita xulgar o grao de cumprimento dos obxectivos ambientais estabelecidos.

- Por un lado, analizarase a evolución dos **indicadores relativos aos obxectivos ambientais**; a variación dos datos presentes na actualidade para os devanditos indicadores permitirá observar o grao de consecución dos obxectivos ambientais estabelecidos.
- Por outro lado, comprobarase a evolución dos **indicadores de contexto**<sup>7</sup>. Esta serie de indicadores permitirá, no curso da avaliación, apreciar como evolucionou o contexto ambiental, detectando a tendencia xeral dos aspectos máis relevantes.
- Así mesmo, ofrécese unha listaxe cos posíbeis **indicadores de seguimento** da aplicación do programa, que están directamente relacionados coas súas actuacións. O valor destes indicadores definirase ao longo do desenvolvemento da programación.

VARIÁBEL	MEDICIÓN	FONTE	VALOR
Agricultura ecolóxica	Nº de adscritos ao Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica.	Consellería Medio Rural, 2005	Produtores: 370 Elaboradores: 55 Total: 425
Agricultura ecolóxica	Nº de cabezas de gando / colmeas e orientación produtiva.	Consellería Medio Rural, 2005	<b>Vacún</b> Carne: 3.577 Leite: 1.389 <b>Ovino</b> Carne: 1.171 Leite: 0 <b>Caprino</b> Carne: 1.055 Leite: 0 <b>Porcino</b> : 0 <b>Avicultura</b> Carne: 10.400 Ovos: 14.076 <b>Apicultura</b> : 1.799 <b>Outros</b> : 70
Eficiencia do uso da auga	m <sup>3</sup> de auga utilizada por hectárea cultivada.		

<sup>7</sup> Os indicadores de contexto, expresados no documento de referencia elaborado polo órgano ambiental, constan no apartado 3.1. do presente documento.

	VARIÁBEL	MEDICIÓN	FONTE	VALOR
	Contaminación agraria	Superficie (ha) de solo contaminado por usos agrarios ou gandeiros.	Consellería Medio Ambiente, 2005	0
	Reforestación	Superficie (ha) de terras agrícolas forestadas.	Consellería Medio Rural, 2006	6.267 ha
	Reforestación	Superficie (ha) de terras non agrícolas forestadas.	Consellería Medio Rural, 2006	1.788,44 has
		Tratamentos silvícolas en terreos forestais.	Consellería Medio Rural, 2005	10.230,34 ha?
	Incendios forestais	Superficie (ha) afectada por incendios forestais.	Consellería Medio Rural, 2005	57.452,22
	Estado dos bosques	Superficie (ha) de montes certificados.	Consellería Medio Rural, 2005	100.040,12
	Turismo rural	% de ocupación anual de camas turísticas situadas en asentamentos rurais.	IGE 2004	18,46
		Infraestructura turística existente en zonas rurais: número de camas (hostais, cámping...).	IGE 2004	4.949
Conservación da natureza	Hectáreas baixo plans de xestión de espazos protexidos aprobados.			
INDICADORES RELATIVOS AOS OBXECTIVOS	Biodiversidade	Tendencia da poboación de aves en terras de cultivo.		
	Conservación do medio	SAU en Rede Natura 2000.	Eurostat, 2004	28,30 %
	Composición especies arbóreas	% de coníferas, frondosos e mixtos.	IFN 3	Coníferas: 36% Fronchosas: 40,02% Mixtas: 23,98%
	Calidade da auga	Excedente de nitróxeno (kg/ha).	Eurostat,1997	45
	Calidade da auga	Tendencia anual da concentración de nitratos e praguicidas en solo e auga.		
	Degradación do solo	Superficie con risco de erosión.	Eurostat,2004	0,3 T /ha/ano
	Agricultura ecolóxica	SAU de agricultura ecolóxica por tipo de uso	Consellería Medio Rural, 2005	<b>Total:9.156,36 ha</b> Cereal/Legum:168. Hortali/Tuberc:45,64. Froiteiros:299,8. Vid:34,94. Arom/Medicin:26,08. Bosque/Recolec silvestre:915,79. Pastos, pradarías e forraxes:7.606,82. Barbeito/Esterco verde:43,38 Sementeiros/Viveiros:0,72. Outros:15,11.
	Cambio climático	Produción de enerxía a partir de agricultura		
	Cambio climático	Produción de enerxía a partir de silvicultura (ktep/ano)		
	Cambio climático	SAU destinada á produción de biomasa		
	Cambio climático	Emisión de gases procedentes da agricultura (ktep)	Ministerio medio 2001	3.501.900tn (equivalente CO <sub>2</sub> )
S DO BANCO PÚBLICO DE INDICADORES	Superficie de agricultura ecolóxica	Superficie agricultura ecolóxica en relación con SAU total (%)	Consellería Medio Rural, 2005	1,26 %
	Consumo de fertilizantes	Kg/ha	Ministerio Medio Ambiente 2004	Nitroxenados= 47,07 Fosfatados =41,08 Potásicos =29,94 Total =118,09



VARIÁBEL	MEDICIÓN	FONTE	VALOR
Consumo de praguicidas	Kg/ha de praguicidas (venta de produto total)	2004	Insecticidas =1,02 Fungicidas =4,56 Herbicidas =3,09 Outros =0,99 Total =9,48
Superficie de regadío	Superficie de regadío en relación coa superficie agraria total (%)	MAPA 2004	8,0 %
Cambios na ocupación do solo	Incremento da superficie artificial entre o ano 1990 e o 2000		12 %
Espazos naturais protexidos	% de superficie de LIC, ZEPA e ENP, sobre a superficie total	Consellería de Medio Ambiente, 2004	2,41% ZEPA 11,67% LIC Sup. ENP / total (2004) =13,00
Presión urbana sobre o territorio	Densidade da poboación nas zonas urbanas Taxa de variación no 2004 respecto ao 2001	2004	62,61 hab. /km <sup>2</sup> +3,89 %
N' de visitantes en parques nacionais	Número de visitantes anuais.	2005	213897

Á parte dos indicadores expresados no documento de referencia, resulta conveniente considerar os indicadores ambientais presentes no Banco Público de Indicadores Ambientais (BPIA) para os que existen datos a nivel rexional. A información destes indicadores ten especial relevancia en relación co PDR de Galiza e os seus datos son actualizados periodicamente.

Por último, o documento de referencia establece unha serie de **indicadores de resultado** ligados á mellora do medio, que permitirán coñecer a efectiva consecución dos obxectivos de carácter ambiental dispostos na programación.

Indicador de resultado	Valor
Superficie cuxa xestión ambiental mellora como consecuencia de:	
▪ Unha indemnización por dificultades naturais de montaña.	
▪ Unha indemnización por dificultades naturais diferentes ás de zona de montaña.	
▪ Unha compensación de custos e perdas de cultivos asociados á Rede Natura 2000 e á aplicación da Directiva de Auga.	
▪ Axudas agroambientais.	
▪ Axudas a investimentos agrarios non produtivos.	
▪ Unha forestación de terras agrarias.	
▪ Unha primeira forestación de sistemas agroforestais en terras agrarias.	
▪ Unha primeira forestación de terras non agrarias.	
▪ Compromisos voluntarios a favor do medio forestal.	
▪ Unha recuperación do potencial forestal danado e implantación de medidas preventivas.	
▪ Investimentos non produtivos en terras non agrarias.	



## 8. EXAME DE ALTERNATIVAS

### 8.1. Metodoloxía e limitacións

No tocante ao exame de alternativas é preciso considerar as seguintes premisas:

- O alcance das actuacións que poden levarse a cabo no seo da programación queda delimitado polo Regulamento (CE) 1698/2005 do Feader e o seu Regulamento de Aplicación. Polo tanto, non é posíbel a formulación de medidas alleas ás regulamentarias, nin tampouco considerar actuacións cuxa elixibilidade estea expresamente establecida.
- Ademais destas limitacións existen os referentes ao Plan Estratéxico Nacional (borrador 23-10-06), no que se establecen como obrigatorias determinadas medidas que foron adoptadas con carácter horizontal, co propósito de aplicalas no conxunto do territorio español. As devanditas medidas son as correspondentes a:
  - ✓ A xestión de recursos hídricos
  - ✓ A valorización dos produtos agrícolas e forestais (industrias agrarias).
  - ✓ Incorporación de mozos á actividade agraria
  - ✓ A loita contra a desertización con especial incidencia na prevención dos incendios forestais
  - ✓ A aplicación dos servizos de asesoramento aos agricultores.
  - ✓ Rede Natura no medio Forestal

Así mesmo, o Plan Estratéxico Nacional determina outras limitacións de carácter financeiro, quedando establecido que a metodoloxía Leader debe xestionar polo menos o 10% do importe total do programa.

- Tal e como establece o Regulamento (CE) 1698/2005, a programación do desenvolvemento rural ten unha orientación estratéxica, e posto que se realiza a nivel de eixes, o grao de precisión da programación non permite alcanzar o grao de detalle de medidas, e moito menos de actuacións concretas. Polo tanto, as referencias a este nivel son puramente indicativas, e só estarán dispoñíbeis ao final da programación.
- O obxectivo da AAE é contribuír á mellora da programación, por iso é realizada de forma paralela a esta e debe admitirse o grao de indefinición propio de todo produto en elaboración.
- A información ambiental rexional e nacional, en termos cuantitativos, presenta importantes limitacións.

### 8.2. Análise das alternativas

#### Alternativa 1: orientar preferentemente o PDR de Galiza cara ao eixe 1: “reforzar a base produtiva agroalimentaria e forestal, versus os eixes 2 ou 3

Tras a análise dos probábeis efectos significativos do Programa de Desenvolvemento Rural sobre o medio rexional, conséntase unha maior concentración da incidencia negativa nas actuacións ligadas ao eixe 1.

Con todo, é preciso ter en conta diversas consideracións que conducen a unha preferencia pola formulación do PDR orientada cara ao eixe 1.



Por unha banda, o elevado peso do sector agrario no medio rural galego fai que, tanto desde un punto de vista social como económico, se presente como un sector estratéxico para a consecución do desenvolvemento rural.

Por outra banda, non poden obviarse os compromisos aos que obrigan as actuacións que, en materia de infraestruturas agrarias, están en proceso de execución e que deben completarse. A súa suspensión suporía a total perda dos recursos xa investidos nestas, con independencia doutros posibles prexuízos aos beneficiarios.

Por último, convén resaltar que fronte á formulación conceptual do desenvolvemento rural, de indiscutíbel carácter horizontal, o marco regulamentario comunitario introduce un claro e decidido cambio na formulación agraria. Non en van a contribución do novo Feader ao desenvolvemento rural se formula como segundo pilar da PAC. Igualmente, o Plan Estratéxico Nacional sinala ao sector agrario como elemento principal sobre o que basear o desenvolvemento rural cofinanciado polo Feader na nova etapa 2007-2013.

Non só iso senón que ademais, o Plan Estratéxico Nacional establece seis medidas horizontais, de carácter obrigatorio para todos os PDR rexionais, 4 das cales se encadran no eixe 1: "xestión de recursos hídricos", "aumento do valor engadido das producións agrícolas e forestais", "incorporación de mozos á actividade agraria" e a "posta en marcha de servizos de asesoramento ás explotacións agrarias". Ademais, estas medidas, sobre todo as dúas primeiras, contan cunha elevada capacidade de absorción financeira.

Xa que logo, o Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza, na práctica, vese necesariamente abocado a unha orientación preferente cara á mellora do sector agrario, en particular ao eixe 1.

### **Alternativa 0: a non realización do PDR**

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza 2007-2013 constitúe o principal instrumento do que dispón a CCAA para abordar de forma coherente e integrada o desenvolvemento sostíbel das zonas rurais. Dada a significación territorial que ten a ruralidade en Galiza, o Programa transcende a súa orientación sectorial e convértese nunha ferramenta significativa para o desenvolvemento rexional.

A magnitude e carácter dos problemas aos que se intenta facer fronte, unido aos condicionantes orzamentarios e de deseño,<sup>8</sup> limitarán os logros e o grao de consecución dos obxectivos formulados. Con todo, estas limitacións, inevitábeis dun xeito ou doutro en calquera programación, non impiden sinalar a importancia e necesidade da súa execución, dados os efectos indesexábeis que se derivarían da non realización do programa e que se expoñen a continuación:

#### **a) Acentuación dos procesos indesexábeis desde o punto de vista ambiental, que son expresamente abordados polo programa**

No caso da non realización do programa, e dados os obxectivos finais sinalados neste, prevese unha evolución do contexto ambiental rexional marcada polos factores que se expoñen deseguida:

- En primeiro lugar, dado que un dos obxectivos finais do programa é a mellora da competitividade do complexo agroalimentario, a súa non realización fai previsíbel que se produza:

<sup>8</sup> Os que se derivan do propio Regulamento (CE) 1698/2005 que establece a axuda do FEADER ao desenvolvemento rural, do seu Regulamento de aplicación e do propio Plan Estratéxico Nacional.



- A regresión das actividades tradicionais esenciais para a conservación de moitos dos ecosistemas, nos que as actividades agrarias desempeñan un papel fundamental.
  - Un incremento da desaparición de explotacións con carácter marxinal e daquelas que se enfrontan a maiores dificultades, como as situadas en zonas de montaña. Esta regresión poderá traer consigo a falta de mantemento destas zonas, podendo dar lugar a unha perda de biodiversidade e un incremento dos riscos naturais asociados.
  - Unha maior regresión dos sistemas de alto valor natural como a gandería vacúa extensiva, coa perda de biodiversidade que a iso vai asociada.
  - Unha menor rendibilidade das actividades agrarias e, por conseguinte, un abandono da actividade, ligado a un maior despoboamento das zonas rurais.
  - A intensificación dos riscos ambientais e dos desastres naturais asociados ao abandono de terras, entre os que hai que salientar os incendios forestais.
- En segundo lugar, dado que o programa presenta entre os seus obxectivos finais a mellora do contorno natural e o medio a través do fomento do uso sostíbel das terras agrícolas e a conservación e valorización do patrimonio natural, a súa non realización fai presupoñer unha maior deterioración do medio rexional, dando lugar, entre outros, aos seguintes problemas:
- Unha maior perda de biodiversidade, tanto natural como dos recursos xenéticos de uso agrario (razas en perigo de extinción, variedades de uso tradicional...)
  - Un aumento da erosión ao limitarse os procesos de forestación, que resulta moi difícil na práctica en ausencia das axudas programadas. É preciso remarcar que todos os obxectivos programados no ámbito da mellora e conservación dos sistemas forestais contribúen de forma directa ou indirecta á loita contra a erosión.
  - Unha maior ineficiencia no uso dos recursos naturais, especialmente da auga, o cal esixe importantes investimentos, tanto en infraestruturas como en formación e sensibilización, que só poden abordarse co apoio do programa.
  - Un aumento da contaminación dos solos, da auga e do aire. A aplicación do programa implica o desenvolvemento de medidas, que como as agroambientais ou as de axuda ao cumprimento da normativa comunitaria en materia ambiental, inciden de forma directa na redución das emisións e dos vertidos. Con todo, ademais, moitas das axudas habilitadas polo programa (modernización de explotacións, zonas desfavorecidas e outras) esixen que o beneficiario cumpra coas normas mínimas en materia ambiental e a maioría das medidas establecidas no eixe 2 están supeditadas ao cumprimento da condicionalidade (requisitos legais de xestión e boas condicións agrarias e ambientais), o que redundará na redución efectiva dos procesos contaminantes.
  - A progresión do efecto invernadoiro. Un problema a escala planetaria que só se pode abordar desde a coordinación institucional internacional e no que a UE fai especial fincapé. O programa, na medida en que se insire nunha estratexia comunitaria, achega contribucións potencialmente útiles. Todos os obxectivos programados no ámbito da mellora e conservación dos sistemas forestais contribúen de forma directa ao incremento dos sumidoiros de CO<sub>2</sub>. Alén disto, o obxectivo de diversificación produtiva agraria resulta pertinente en relación co fomento dos cultivos agroenerxéticos, mentres que o obxectivo de redución e valorización de verteduras e residuos o é para o aproveitamento enerxético da



biomasa. En ambos os dous casos contribúese á xeración de enerxías de balance neutro en relación co ciclo do carbono.

➤ Por último, e, tendo en conta o terceiro obxectivo final do PDR de Galiza que é mellorar a calidade de vida e diversificar a economía rural, a non realización do programa podería incidir en:

- O colapso das economías rurais debido á súa elevada dependencia das actividades agrarias e á escasa diversificación da súa economía; neste sentido o Programa incide positivamente ao fomentar a diversificación económica das zonas rurais.
- O afastamento da calidade de vida rural respecto do estándar urbano, fundamentalmente no referente a infraestruturas, equipamentos e servizos básicos para a poboación.
- A regresión e insuficiente valorización do patrimonio histórico, cultural, natural e paisaxístico dos espazos rurais, que sería inevitábel sen o desenvolvemento do programa e no que representa un papel especialmente destacado a metodoloxía Leader.

En conclusión, debido a todos os factores antes descritos, a non realización do PDR de Galiza ademais de exercer unha influencia negativa canto á conservación dos recursos e dos espazos naturais, daría lugar a un agravamento da tendencia ao despoboamento e abandono dos espazos rurais, xerando, en consecuencia, unha maior presión sobre os espazos urbanos e un maior desequilibrio rexional.

#### **b) Perda dos beneficios ambientais asociados á fórmula de intervención**

- Ademais da acentuación de diversos procesos prexudiciais para o medio rexional, a non realización do programa implicaría a perda dunha serie de beneficios ambientais asociados á fórmula de intervención aplicada no programa, na que destacan os seguintes puntos:
- En primeiro lugar, é preciso considerar que a axuda financeira achegada desde o Feader obriga, tanto ás CCAA como ao Estado, a aplicar unha "lóxica" baseada na programación estratéxica e na realización dun seguimento e avaliación dos programas.
- Os programas cofinanciados pola UE, como é o caso do PDR de Galiza, esixen a efectiva integración do medio como elemento fundamental para a obtención dun desenvolvemento sostíbel. Este feito constitúe un avance moi importante respecto da tradicional e habitual consideración do medio como elemento pasivo sobre o que hai que minimizar a interacción dun plan ou programa.
- Así mesmo, a integración de medidas de diferente natureza no Programa posibilita a materialización de sinerxías, que dificilmente poderían alcanzarse en caso de non aplicarse este. Desde a perspectiva ambiental, esta integración permite identificar posíbeis efectos que seguramente pasarían desapercibidos no caso de considerar medidas e actuacións de forma illada.
- Do mesmo xeito, a programación obriga á realización dun importante esforzo de cooperación entre os diferentes ámbitos administrativos nacionais e



rexionais. Esta coordinación e cooperación é necesaria e valiosa en todos os ámbitos, mais especialmente no ambiental polo seu carácter horizontal.

- Por outra banda, o deseño e desenvolvemento do PDR obriga a un nivel de participación e cooperación dos axentes económicos e sociais máis elevado e rigoroso do habitual no escenario da xestión dos "fondos propios". Neste sentido e no eido ambiental, cómpre destacar o proceso de consulta pública realizado no seo da Avaliación Ambiental Estratéxica.
- Así, resulta evidente que, aínda que moitas das actuacións programadas poderían levarse a cabo a través de programas "menos esixentes", ou mesmo de forma illada, obviando todas as esixencias descritas, nese caso perderíanse todos os beneficios enunciados.

### c) **Perda dos beneficios ambientais asociados á adicionalidade financeira**

O apoio financeiro achegado pola Unión Europea a través do Feader resulta de vital importancia para garantir o desenvolvemento rural rexional e, particularmente, a verdadeira integración do medio no devandito desenvolvemento.

Constátase que, en caso de non realización do programa, moitas medidas e actuacións se enlenteceían ou, no peor dos casos, non se realizarían como consecuencia da insuficiente dispoñibilidade de fondos financeiros propios.

Neste sentido, o eixe 2, dirixido á mellora do medio e do contorno rural, sería o máis afectado:

- Debido a que é o máis afastado das actuacións que conducen ao crecemento económico e ao emprego, prioridade esta á que os Estados da UE están expresamente obrigados en virtude da Estratexia de Lisboa.
- Dado que o Regulamento do Feader esixe para este eixe unha dotación mínima do 25% do total programado, o que obriga a destinar ineludiblemente fondos que poderían non existir en caso de non realización do programa.

Resulta pouco probable que determinadas actuacións programadas, como as medidas agroambientais, as indemnizacións compensatorias en zonas desfavorecidas ou as axudas á Rede Natura 2000, puidesen levarse a cabo en ausencia do programa.

Así mesmo, a insuficiencia orzamentaria xerada pola non aplicación do programa podería afectar á consecución doutros obxectivos vinculados aos eixes 1 ou 3, así como á "mellora da capacidade de defensa contra riscos e catástrofes naturais" (eixe 1) ou á "conservación e mellora do patrimonio rural" (eixe 3).

## 9. INFORME DE VIABILIDADE ECONÓMICA

### 9.1. Viabilidade económica das alternativas

Na selección das alternativas considerouse a viabilidade financeira e orzamentaria, sendo precisamente esta unha das razóns que determinaron a orientación preferente do programa cara aos dous primeiros eixes establecidos polo Regulamento (CE) 1698/2005.

Un elemento especialmente relevante con respecto á viabilidade da alternativa finalmente adoptada é a experiencia coa que se conta en relación coa resposta favorábel por parte dos destinatarios das axudas programadas.

Como xa se explicou, o PDR oriéntase de forma especialmente decidida cara á aplicación de axudas aos investimentos e actuacións promovidas directamente polos agricultores, empresarios e emprendedores situados no medio rural. A viabilidade financeira do programa depende polo tanto en boa parte da axeitada resposta dos potenciais beneficiarios nun triplo sentido:

- primeiro, en termos de absorción financeira, é dicir, que a demanda cubra a oferta de fondos habilitados;
- segundo, en termos de competencia, é dicir, que a demanda exceda a oferta co fin poder seleccionar os mellores proxectos en función da súa contribución aos obxectivos perseguidos e dos criterios de preferencias establecidos, entre eles os de carácter ambiental;
- e, en terceiro lugar, en termos de eficiencia económica, de forma que os fondos asignados aos proxectos promovidos resulten verdadeiramente rendíbeis.

Como se indicou, a experiencia acumulada nas programacións previas á que agora se diseña constitúe un importante aval e permite fundamentar a orientación e o desenvolvemento do programa coas máximas garantías de éxito.

A axuda financeira da UE a través do Feader, que constitúe a base e o fundamento da propia programación e só é aplicábel unha vez obtida a aprobación do programa por parte da Comisión, constitúe unha garantía adicional en termos de viabilidade financeira. Por outra banda, a achega dos fondos comunitarios obriga regulamentariamente ao Estado e á CC.AA. a comprometerse coas súas correspondentes contrapartidas financeiras para o desenvolvemento do programa.

### 9.2. Viabilidade económica das medidas correctoras

As medidas correctoras propostas non implican investimentos propiamente ditos. Trátase de recomendacións dirixidas ao deseño e xestión da programación en termos de criterios de preferencia e selección de proxectos e beneficiarios fundamentalmente.

Na táboa que se achega recóllense as medidas correctoras propostas, indicando o ámbito de aplicación que corresponde. Hai que resaltar que o PDR conta cunha dotación máxima de até o 4% do seu importe total para accións de asistencia técnica, entre as que se poden situar as destinadas á promoción e difusión, que resultan de particular interese e utilidade en relación con algunhas das medidas correctoras que se proponen.

O resto das medidas corresponden ao desenvolvemento das tarefas administrativas relativas á selección, aprobación e pagamento dos proxectos conforme a uns criterios específicos adicionais, cuxo custo debe ser absorbido pola administración correspondente.

	<b>Medidas correctoras que se poden adoptar no ámbito do Programa de Desenvolvemento Rural Galiza 2007-2013</b>	
<b>Modernización das explotacións agrícolas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Darlles prioridade ás explotacións con mellor nivel de cumprimento da condicionalidade esixida nas axudas do primeiro piar da PAC.</li> <li>▪ Darlle prioridade á modernización de explotacións gandeiras baseándose na <b>extensificación</b> e na mellor xestión de residuos, así como na mellora do estado de bebedoiros, sistemas de eliminación de excrementos, sistemas de limpeza, adecuación de fosas de almacenaxe.</li> <li>▪ Darlle prioridade á modernización de explotacións gandeiras baseadas na valorización de residuos.</li> <li>▪ Darlle prioridade á modernización de explotacións agrarias que permita a xestión máis eficiente da auga e o aforro enerxético.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aprobación de proxectos</li> <li>▪ Selección de proxectos</li> <li>▪ Selección de proxectos</li> <li>▪ Aprobación de proxectos</li> </ul>
<b>Aumento do valor engadido dos produtos agrarios</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Darlle prioridade ao financiamento de programas de investimento en empresas asociadas a algún sistema de xestión ambiental (EMAS).</li> <li>▪ Darlle prioridade á modernización de instalacións de transformación ou comercialización que xustifiquen melloras ambientais (aforro enerxético, uso eficiente de recursos, diminución de contaminación ...).</li> <li>▪ Darlles prioridade a proxectos de mellora de canles comerciais de produtos de calidade e respectuosos co medio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aprobación de proxectos</li> <li>▪ Selección de proxectos</li> <li>▪ Divulgación do programa</li> </ul>
<b>Mellora da base territorial das explotacións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Limitar o trazado de camiños ou novos accesos a explotacións en zonas sensíbeis.</li> <li>▪ Limitar as actuacións a aqueles proxectos nos que se garanta a conservación do medio.</li> <li>▪ Incorporar as medidas ambientais nos plans de obras, de xeiro que se garanta a conservación dos elementos territoriais valiosos e se facilite a asignación das zonas de especial valor natural e/ou cultural ao dominio público.</li> <li>▪ Someter á avaliación de impacto ambiental conforme á normativa vixente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Deseño de proxectos</li> <li>▪ Selección de proxectos</li> </ul>
<b>Mellora e desenvolvemento de infraestruturas nas explotacións agrarias (camiños, sistemas de rego, desaugadoiros, edificacións...)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Limitar a construción de vías de acceso en zonas sensíbeis.</li> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos que garantan unha mellora efectiva do uso da auga.</li> <li>▪ Darlles prioridade ás melloras de infraestrutura que permitan un uso máis eficiente da enerxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aprobación de proxectos</li> <li>▪ Aprobación de proxectos</li> <li>▪ Selección de proxectos</li> <li>▪ Selección de proxectos</li> </ul>
<b>Mellora do valor económico dos bosques</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Someter os proxectos á avaliación de impacto ambiental.</li> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos que mellor combinen a obtención de bens económicos, sociais (lecer) e ambientais.</li> <li>▪ Limitar a axuda a proxectos incluídos en plans de xestión dos espazos forestais.</li> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos que fomenten o asociacionismo e as melloras de xestión dos espazos forestais.</li> <li>▪ Darlles prioridade ás melloras dirixidas á valorización de residuos forestais na xeración de enerxía renovábel (biomasa).</li> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos dirixidos a producións de calidade certificada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aprobación de proxectos</li> <li>▪ Selección de proxectos</li> <li>▪ Aprobación de proxectos</li> <li>▪ Difusión do Programa</li> <li>▪ Difusión do Programa</li> <li>▪ Difusión do Programa</li> </ul>

	<b>Medidas correctoras que se poden adoptar no ámbito do Programa de Desenvolvemento Rural Galiza 2007-2013</b>	
<b>Creación e/ou mellora das infraestruturas forestais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Limitar a construción de vías de acceso en zonas sensíbeis.</li> <li>▪ Someter á avaliación de impacto ambiental.</li> <li>▪ Darlles prioridade ás infraestruturas dirixidas á detección, prevención e control de incendios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aprobación de proxectos</li> <li>▪ Aprobación de proxectos</li> <li>▪ Difusión do Programa</li> </ul>
<b>Forestación de terras agrarias e non agrarias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Fomentar a utilización de especies arbóreas autóctonas.</li> <li>▪ Fomentar as repoboacións con fins estritamente conservacionistas dirixidas a corrección hidrolóxica, loita contra a erosión, corredores...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Deseño de proxectos</li> </ul>
<b>Diversificación cara a actividades non agrarias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos que inclúan sensibilización ambiental.</li> <li>▪ Promover as actividades que valoricen os produtos ou prácticas tradicionais.</li> <li>▪ Darlle prioridade ao apoio a microempresas con maior garantía ambiental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Selección de proxectos</li> <li>▪ Difusión do Programa</li> <li>▪ Selección de proxectos</li> </ul>
<b>Construción e /ou mellora das infraestruturas turísticas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Darlles prioridade aos investimentos en actividades turísticas acordes coas tradicións locais.</li> <li>▪ Darlles prioridade ás infraestruturas turísticas con sistemas de aforro enerxético e uso eficiente de recursos.</li> <li>▪ Promover a creación, ampliación e mellora de centros de interpretación da natureza nas zonas de afluencia turística.</li> <li>▪ Controlar a afluencia a zonas sensíbeis.</li> <li>▪ Limitar a construción de infraestruturas en zonas sensíbeis.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Selección de proxectos</li> <li>▪ Selección de proxectos</li> <li>▪ Difusión de proxectos</li> <li>▪ Aprobación de proxectos</li> <li>▪ Aprobación de proxectos</li> </ul>
<b>Construción e /ou mellora de infraestruturas de acceso e/ou prestación de servizos á poboación rural</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Someter a avaliación de impacto ambiental as novas construcións ou infraestruturas.</li> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos que favorezan a eficiencia e o aforro enerxético e a mellora da xestión da auga.</li> <li>▪ Darlles prioridade aos proxectos de rehabilitación, recuperación e conservación do patrimonio rural.</li> <li>▪ Utilizar o enfoque territorial nos plans de mellora de infraestruturas e equipamentos do medio rural galego, de xeito que garanta a participación da sociedade, propiciando así a sostibilidade (tamén ambiental) dos proxectos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aprobación de proxectos</li> <li>▪ Selección de proxectos</li> <li>▪ Selección de proxectos</li> <li>▪ Deseño de proxectos</li> </ul>

### 9.3. Viabilidade económica do programa

O PDR de Galiza é fundamentalmente unha planificación financeira que coordina a achega de fondos procedentes de diferentes ámbitos administrativos (Feader, Estado e Comunidade Autónoma) para a consecución dos obxectivos e dos eixes estratéxicos expresamente programados.

A aplicación dos fondos realízase sobre actuacións concretas que respondan a proxectos e os promotores ou beneficiarios destes deberán acreditar a súa viabilidade técnica e económica.



## 10. RESUMO NON TÉCNICO DA INFORMACIÓN FACILITADA

O **Informe de Sostibilidade Ambiental** é o resultado da primeira fase do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica ao que é sometido o Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza, 2007-2013. A devandita avaliación persegue o obxectivo de conseguir un elevado nivel de protección do medio, contribuíndo á integración dos aspectos ambientais na preparación e adopción do futuro PDR de Galiza.

Após a análise do borrador do PDR de Galiza, procedeuse, tal e como establece a Lei 9/2006, ao diagnóstico do contexto ambiental da rexión e dos principais problemas existentes, así como dos potenciais efectos positivos e negativos sobre o ambiente rexional que derivarán da aplicación da futura programación.

As conclusións ás que se chegou son as seguintes:

- Plan de Desenvolvemento Rural de Galiza considera o desenvolvemento sostíbel, desde un punto de vista ambiental, como un dos piares básicos da súa estratexia. Desta maneira, as medidas dirixidas á conservación do medio e o uso sostíbel dos recursos naturais abranguen un dos eixes de acción do programa e teñen unha apreciable presenza no resto de medidas programadas.
- Un dos problemas ambientais de maior relevancia na rexión son os incendios forestais, con importantes implicacións sobre a auga, o aire, a flora, a fauna e o solo. Así mesmo, a contaminación da auga, o solo e o aire derivada da actividade agrícola e especialmente da actividade agropecuaria cobra especial importancia na rexión.
- En materia de biodiversidade, sen obviar os efectos negativos asociados aos procesos de intensificación produtiva, deben destacarse como máis relevantes os relacionados co abandono das terras e das actividades tradicionais. Os agrosistemas asociados ás actividades tradicionais, polo seu escaso rendemento comercial, experimentan un grave proceso regresivo que pon en risco a conservación dos valores naturais e culturais asociados.
- Estímase que os posibles efectos do PDR de Galiza sobre o medio rexional, en termos globais, terán un carácter positivo en coherencia coa marcada tendencia ambiental da programación. En concreto, as actuacións con maior potencial favorábel serán as seguintes:
  - As dirixidas a mellorar a capacidade de defensa dos espazos forestais, así como á detección, prevención e loita contra incendios e as orientadas a recuperar o potencial silvícola.
  - As destinadas á conservación e fomento de métodos de produción (gandaría extensiva, produción ecolóxica...) e de explotacións (freo do abandono de terras, especialmente das máis marxinais), que cumpren unha importante función ambiental e que, pola súa menor rendibilidade económica, poderían desaparecer na rexión.
- Porén, é preciso considerar a existencia de posibles efectos adversos. Entre eles, os de maior relevancia poden ser:
  - Os derivados dunha maior intensificación das explotacións agrarias, como a fragmentación de hábitats, a perda de biodiversidade, a maior contaminación...
  - Os asociados ao aumento no uso e explotación de recursos.
- Os posibles efectos adversos derivados da posta en marcha do programa serán limitados ou contrarrestados coa efectiva aplicación dunha serie de medidas correctoras. Estas medidas derivan do cumprimento da normativa vixente e dos



instrumentos dispoñíbeis no contexto europeo e nacional orientados a garantir o cumprimento dos obxectivos ambientais, así como das medidas estabelecidas, en termos de criterios de preferencia e selección de proxectos ou beneficiarios, para o deseño e xestión do PDR de Galiza.

- A alternativa cero ou non realización do PDR de Galiza, 2007-2013 supón, segundo a análise efectuada, a acentuación de procesos con efectos ambientais claramente desfavorábeis para o medio rexional, que derivarán nunha intensificación do proceso de despoboamento e abandono de terras que sofre.
- A formulación de alternativas queda condicionada na práctica polo marco normativo que establece o Regulamento (CE) 1698/2005 de axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, polo Plan Estratéxico Nacional, polos compromisos adquiridos en relación con determinadas actuacións en curso que non se poden interromper e pola propia natureza da realidade rural rexional na que o sector agrario ten unha forte presenza. Ora ben, o PDR de Galiza configurouse seleccionando de entre as posibilidades regulamentarias as actuacións máis acordes coas súas necesidades e potencialidades.
- Na selección de alternativas tívose expresamente en conta a viabilidade financeira e orzamentaria. As medidas correctoras propostas non implican investimentos adicionais en si mesmos; trátase de recomendacións para o deseño e xestión da programación en termos de criterios de preferencia e selección de proxectos e beneficiarios fundamentalmente.